Audiovisual como coordinador central do proceso de traballo, é moi importante e á vez complicado, posto que ha de enfrontarse a modos e situacións moi variadas mediante os que os alumnos intentan experiencias artísticas. Polo tanto, deberá procurar:

-Motivar aos alumnos para que sexan capaces de observar, analizar, comprender e ver, críticamente, o mundo que lles rodea. Con esta acción motivadora, preténdese captar o interese do alumnado, resaltando a actualidade e proximidade dos temas e actividades tratados, a necesidade do seu estudo, a súa aplicación formativa e orientadora, así como as posibilidades de aplicación.

-Orientar e organizar a procura de información necesaria, libros, material informático, catálogos, vídeos, revistas, películas, recursos informáticos, Internet, etc.

-Planificar e programar as tarefas académicas de desenvolvemento curricular, secuenciando a orde das mesmas, repartindo tempos, todo iso coas necesarias doses de flexibilidade e adaptación a situacións imprevistas.

-Ser creativo para poder dar a resposta, máis adecuada, aos problemas tanto teóricos, como prácticos que xurdan.

-Tratar de que os alumnos:

- Gocen na tarefa de observación de realizacións plásticas, tanto propias como alleas.
- Respecten as expresións e creacións dos demais.

-Valorar o proceso creativo como tal, e evitar o encasillamento das actividades plásticas nas categorías de Debuxo lineal e artístico.

-Elixir o material a utilizar (libro de texto e de actividades, materiais en papel ou informáticos, soportes audiovisuais, programas de ordenador, etc.) baseándose en criterios académicos e de atención á diversidade.

-O número de actividades a realizar decidirao o profesorado, no seu traballo de aula, en función de: a diversidade do alumnado e a organización do aula. hai actividades de traballo individual e outras de grupo. Recoméndase traballar en forma de pequenos proxectos en función dos niveis de dificultade e as diferentes capacidades. Hai diferentes niveis de dificultade, algunhas son de mínimos outras máis complicadas. Recoméndase ler os diferentes estándares

Potenciarase o desenvolvemento das competencias de **comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** en todas as materias do currículo da Educación Secundaria.

As competencias básicas non deben interpretarse coma se fosen as aprendizaxes mínimas comúns, senón que constitúen un dos elementos do currículo conxuntamente cos obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación.

O currículo, establecido polas Administracións Educativas sobre os ensinos mínimos determinadas polo Goberno, haberá de ser desenvolvido e completado polos centros educativos para as distintas etapas, ciclos e materias, en exercicio da autonomía que lles recoñece a Lei.

As competencias básicas son unha referencia en todos os niveis de decisión sobre o currículo, forman parte dos ensinos mínimos da educación obligatoria, constitúen un referente da promoción de ciclo en primaria e da titulación na educación secundaria obligatoria. Han de terse en conta para decidir sobre:

- A selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- A importancia relativa de cada un deles.
- A orientación metodolóxica.
- A avaliación.

A adquisición eficaz das competencias crave por parte do alumnado e a súa contribución ao logro dos obxectivos das etapas educativas, desde un carácter interdisciplinar e transversal, **require do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.**

MEDIDAS ORGANIZATIVAS E FUNCIONAIS a ter en conta á hora de deseñar as programacións curriculares e contribuír ao desenvolvemento das competencias:

- A organización e o funcionamento dos centros e as aulas.
- A participación do alumnado.
- As normas de réxime interno.
- A concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar.
- A acción tutorial permanente.
- A planificación das actividades complementarias e extraescolares.

Materiais e recursos didácticos

Material recomendado para que dispoña o alumno/a:

- Regra e xogo de escuadras.
- Compás.
- Transportador de ángulos.
- Portaminas e minas de grafito duras (3H) e brandas (HB). Carboncillo e difumino.
- Estilógrafos/ Algúns rotuladores calibrado fino.
- Ceras e barras de pastel.
- Lápiz de cores e rotuladores grosos e finos.
- Pinceles de diferentes grosos, botes de témpera.
- Tesouras, coitelas, pegamento, goma de borrar

Para determinados traballos, materiais como como:

- Caixas de rotuladores de maior calidade
- Estoxos de barras de pasteis e/ou ceras de cores
- Caixas de lápiz de cores cunha gama ampla / existen caixas de lápiz de cores acuarelables.
- Caixas de barriñas ou lápiz de carboncillos
- Caixas de lápiz con gama ampla de durezas
- Equipos para traballar con linóleos ou técnicas de estampación
- Soportes variados, papel, cartulinas, papel acuarelable, etc. (láminas, blocs...); nas tendas a oferta é amplísima (e ás veces algo cara)

EQUIPO DO PROFESOR/A:

- Equipo informático. Convén que teña cargado certos programas de tratamento de imaxes (Photoshop...). Internet
- Canón de proxección (pantalla).

- Cámara dixital. Fotografías, transparencias, Vídeos (comprados ou elaborados).
- Libros, mapas, catálogos, revistas. Bibliografía
- Esquemas, modelos.

Outros:

- Báta que evita mancharse, cadernos de profesor (en moitos centros existen modelos unificados, para anotar asistencias, o traballo día a día.)

Anotacións realizadas en clase, observacións

- Profesionalidade, ánimo, paciencia e imaxinación.(non se venden, téñense e non se adquiren)

Outros recursos didácticos:

- Visitas a determinados talleres-aulas (estampación, cerámica, orfebrería, vidro...)
- Visitas a empresas, museos, igrexas, catedrais.
- Percorridos por cascos históricos.

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

ORIENTACIÓNS PARA A AVALIACIÓN.

O proceso de avaliación do alumnado responde ao esquema seguinte:

[IES. G. TORRENTE BALLESTER, Dto. Artes Plásticas.](#) 135

PROCESO DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO			
	Avaliación Inicial	Avaliación Formativa	Av. Sumativa
Qué se debe ou desexa avaliar?	Los conocimientos previos que permitan adecuar el proceso educativo que haga posible los aprendizajes significativos.	Los avances, dificultades, trabas, que configuran el proceso de aprendizaje. También se puede evaluar el propio proceso. Se pretende posibilitar la modificación de estrategias de aprendizaje y adecuarlas a las necesidades detectadas.	Los tipos y grados de aprendizaje que estipulan los objetivos, esto es, constatar el nivel alcanzado en la adquisición de las capacidades formuladas en los objetivos.
Cómo se ha de avaliar?	Mediante procedimientos diversos: <ul style="list-style-type: none"> ❖ Discusión en grupo. ❖ Entrevistas personales. ❖ Tormenta de ideas. ❖ Pruebas objetivas. ❖ Historial de los alumnos. ❖ Registro e interpretación de respuestas y comportamientos de los alumnos. 	Observación directa, realizada de un modo sistemático, de todo el proceso de aprendizaje. Preguntas orales, revisión de las actividades propuestas. Registro de todas las cuestiones observadas. Análisis, interpretación y consecuencias de tales observaciones.	Observación, registro e interpretación de las respuestas y comportamientos de los alumnos. Pruebas de evaluación, análisis de los trabajos realizados, cuestionarios de autoevaluación.
Cando se realizará a avaliación?	Al inicio de un nuevo período de aprendizaje.	A lo largo del proceso de aprendizaje, después de un bloque de actividades, planteándose otras actividades de refuerzo, de recuperación, etc.	Al final de un período de aprendizaje.

Convén avaliar a capacidade dos alumno/as para establecer un proceso de traballo, que lles permita realizar tarefas de análise e síntese das linguaxes visuais ou plásticos. Tamén se valorará o coñecemento abstracto e a súa aplicación como apoio na realización de actividades de aprendizaxe.

Outro aspecto importante a avaliar é a capacidade dos alumno/as para resolver, de forma diferente, autónoma e persoal, as situacións ou actividades prantexadas, así como a correcta execución dos traballos, tanto no plano conceptual como material, utilizando, correctamente, os instrumentos, técnicas e métodos necesarios.

O interese, esforzo e dedicación dos alumno/as na realización das actividades será, así mesmo, valorado.

Procedementos e instrumentos para a avaliación.

Unha avaliación continuada e formativa esixe o uso de múltiples instrumentos ao longo do proceso educativo para permitir a recollida fiable de información e o seu posterior uso avaliador.

No seguinte recadro exemplifícase un posible procedemento de avaliación, así como os instrumentos avaliadores utilizados:

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN		
Instrumento avaliador	Elementos avaliados	Peso de cada apartado
OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Conocimientos previos ❖ Asistencia y puntualidad ❖ Participación y actitud ❖ Aportación de ideas y soluciones ❖ Aprovechamiento en general ❖ Otras 	10%
REALIZACIÓN DE LAS ACTIVIDADES DE ENSEÑANZA-APRENDIZAJE	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Cumplimiento de las plazos de entrega o puntualidad en la entrega ❖ Corrección en la presentación del trabajo ❖ Originalidad y creatividad en las soluciones ❖ Organización y planificación del trabajo ❖ Destreza en el uso de materiales y técnicas ❖ Búsqueda y organización de la información ❖ Comunicación oral o escrita sobre su trabajo ❖ Corrección en la ejecución o solución de las actividades 	10%
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS O DE AUTOEVALUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Corrección en la presentación del trabajo ❖ Originalidad y creatividad en las soluciones ❖ Aportación de ideas y soluciones ❖ Organización y planificación del trabajo ❖ Destreza en el uso de materiales y técnicas 	10%
PRUEBAS OBJETIVAS	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adquisición de conceptos ❖ Comprensión ❖ Razonamiento ❖ Corrección en la ejecución y en la presentación 	70%

Podemos diferenciar tres tipos de avaliación que conxuntamente darán como resultante un criterio valorativo globalizador.

1.- Avaliación inicial. Esta avaliación ten un carácter de diagnóstico. Permítenos coñecer a situación de partida de cada alumno ó comenzo do curso.

2.- Avaliación formativa. A avaliación formativa esixe a observación do proceso de aprendizaxe. Isto implica establecer rexistros que nos permitan detectar o momento no que se produce un atranco, a causa que o produce e os mecanismos correctores para superalo.

3-Avaliación sumativa. Esta avaliación non se pronuncia unicamente verbo da aprendizaxe do alumno, senón que se interpretará como un instrumento de control no proceso educativo e como fonte de información para os propios alumnos. Este seguimento tamén deberá proporcionar ó alumno información

verbo do seu proceso de aprendizaxe e permitirá a súa participación no mesmo a traveso de actividades de autoavaliación e coavaliación.

Para o proceso de establecer a cualificación de cada alumno, dentro do marco pedagóxico da avaliación continúa, o profesor terá en conta o traballo desenvolvido de xeito cotián na aula e establecerá a realización de probas obxectivas de coñecemento que sempre se axustarán aos marcos das convocatorias ordinarias e extraordinarias nas datas establecidas pola CCP e a dirección do centro.

Na nota final do curso contará a media dos resultados obtidos nas sucesivas avaliacións trimestrais, ponderada con aspectos pedagóxicamente tan relevantes como a progresividade na actitude e na aprendizaxe: Aínda que a media poda ser similar, non ten o mesmo significado a secuencia temporal de notas 2 – 4 – 8 que, por exemplo, 8 – 5 – 1. No primeiro caso, malia ter dúas avaliacións suspensas, apréciase unha clara progresividade ascendente e o alumno estaría aprobado; xusto o contrario do que acontece no segundo caso.

A realización dos exercicios do **Caderno do Alumno** será condición indispensable para aprobar o curso. O profesor fará unha proba obxectiva por cada avaliación. Os alumnos que acudan ás probas de xuño ou setembro, deberán presentar o devandito caderno cos exercicios realizados. Ademais, farán unha proba obxectiva de coñecementos que terá como temario básico de contidos os que aparecen, de seguido, no apartado “Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva”. Na nota contabilizará porcentualmente un 70% para a proba obxectiva de coñecementos e un 30% para a cualificación do caderno de traballo e a observación na aula. Os alumnos deberán acadar un mínimo de catro puntos na proba de coñecementos (obxectiva) a partires de entón incrementáraselles os 3 puntos dos traballos do caderno, tendo sempre presente que se entreguen tódalas láminas realizadas ó longo do trimestre ou curso.

O Departamento de Artes Plásticas do IES Torrente Ballester acordou que quedará suspendido o dereito a avaliación continua na materia de Educación Plástica e Visual para os alumnos de 3º da ESO que sen causa xustificada falten a máis de doce horas lectivas da devandita materia, apercibindo ó alumno as seis faltas.

A avaliación educativa é un instrumento de seguimento e de valoración dos resultados obtidos e de nosa propia actividade como docentes, así como ferramenta para mellóraa dos procesos de ensino aprendizaxe. A avaliación ao longo do curso será continua e formativa . A avaliación continua esixe asistencia a clase e seguimento do traballo en clase ou fóra, mediante diferentes instrumentos de avaliación e cualificación como son:

Presentación e limpeza dos traballos realizados: Esta materia ten un gran carga procedimental ou aplicación práctica, polo que as actividades e láminas propostas serán de entrega obligatoria na súa gran maioría e dentro dos prazos que fixe cada profesor ou profesora (evidentemente con dose de

flexibilidad). O sistema máis sinxelo facer unha valoración cuantitativa dos mesmos clasificándoos de 1 a 10. Puiden ser cualitativa tipo insuficiente, suficiente, ben, notable, sobresaliente e nas cualificacións da avaliación trimestral o conxunto anotacións trasladar a un valor medio numérico). Nestes traballos tamén se inclúen as propostas de autoevaluación. Este conxunto de evaluable dos conceptual-procedimental pode ter un peso específico dun 80 % sobre a cualificación global.

Observación continua da actividade na aula. O profesor leva no seu caderno as necesarias anotacións sobre: entrega a tempo de traballos, asistencia, puntualidade, actitude e interese pola materia, traballo individualizado e en equipo, colaboración cos seus compañeiros e co profesor. Comportamento e normas de convivencia no aula e fóra da aula nas actividades lectivas complementarias que se desenvolvan (visitas, saídas etc). A actitude ante a asignatura (atención, participación, respecto aos materiais, entrega de traballos nos prazos indicados así como realización dos mesmos no aula, traer o material da asignatura e coidalo convenientemente, etc.) contará un peso aproximado do 20% da nota total de cada avaliación.

Destacar un aspecto importante: non se poden utilizar os mesmos procedementos nin criterios que os doutras materias cun peso específico maior do aspecto conceptual.

A avaliación será fundamentalmente formativa, dándolle máis importancia ao proceso que ao resultado, cara á adquisición de hábitos de traballo, interese e empeño demostrado, buscando o desenvolvemento de todas as competencias básicas máis que o feito puro do coñecemento. Insistimos na visión global formativa desta materia como indicabamos na introdución.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Para baremar os indicadores de logro e as **actividades de ensinanza-aprendizaxe**, utilizaremos os criterios do cadro seguinte:

EVALUACIÓN DE ACTIVIDADES DE ENSEÑANZA-APRENDIZAJE		
Búsqueda y organización de la información	No sabe cómo buscar más información que la que le ofrece el profesor	0
	Recoge información, pero no sabe ordenarla ni estructurarla	1
	Estructura la información recogida y sabe aplicarla al trabajo concreto que realiza	2
	Comprende la información y abstrae los conceptos necesarios para su aplicación en diferentes trabajos	3
Originalidad y creatividad	Se limita a copiar figuras, objetos o imita a otros alumnos	1
	Aporta soluciones muy similares a modelos establecidos	2

Creatividad desarrollada	Combina las soluciones de modelos externos con aportaciones propias	4
	Aporta soluciones personales, inventa formas, composiciones y técnicas	5
Destreza en el uso de materiales técnicas e instrumentos	Desconoce la mayoría de las técnicas y manifiesta poca o nula habilidad en el manejo de instrumentos	1
	Conoce ciertos recursos técnicos pero tiene poca habilidad para ejecutarlos	2
	Tiene habilidades y conoce las técnicas	4
	Dispone de un elevado número de recursos propios y utiliza los más adecuados en cada caso	5
Corrección en la presentación de los trabajos	Apenas cuida el material y no se interesa por el aspecto de los trabajos realizados	0
	Cuida los materiales y soportes, pero descuida el aspecto final	1
	Trabajos limpios, precisos y ordenados. Se preocupa de los materiales y soportes	3
	Utiliza adecuadamente los materiales y soportes que utiliza. Consigue un acabado personal y apropiado al propósito del trabajo solicitado	4
Comunicación oral o escrita sobre su trabajo	No es capaz de explicar nada sobre su trabajo 0	0
	Explica aspectos globales de su trabajo, pero no sabe analizarlo	1
	Analiza algunos elementos de su trabajo, sin establecer relaciones con el significado	2
	Expresa verbalmente los elementos utilizados, su sintaxis y la relación con los significados que se producen	3
Cumplimiento de las plazos de entrega o puntualidad en la entrega	No entrega prácticamente nunca los trabajos en las fechas previstas 0	0
	Normalmente se retrasa en la entrega	1
	Cumple los plazos de entrega con alguna salvedad	2
	Es riguroso y puntual en la entrega de los trabajos	3
Corrección en la ejecución o solución de las actividades	La solución aportada es incorrecta	0
	El trabajo ejecutado contiene algunos errores	1
	La solución es adecuada en términos generales	4
	La ejecución de la actividad es adecuada y personal	5

Para baremar los logros de la propia programación usaremos a seguinte táboa:

	PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
1	As programacións están creadas e repartidas coherentemente entre os membros dun mesmo grupo ou ámbito.				
2	Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario realiza modificacións				
3	Recollo na programación de maneira específica competencias básicas e fundamentais				

4	Ao confeccionar a programación teño en conta as características do contexto.				
5	Ao comezo de cada tema, proporciono aos alumnos toda a información necesaria (contidos, obxectivos, actividades, competencias, etc.)				

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O Departamento de Artes Plásticas colaborará en calquera tipo de iniciativa do centro tendente á atención educativa dos alumnos con materias pendentes (Titoría de pendentes, aportación de recursos, traballos a realizar etc.)

Como xa quedou dito, a presentación das láminas do caderno de Plástica cos exercicios realizados será condición indispensable para poder superar a materia e, asemade, a realización de probas de recuperación nas datas estipuladas. Estes traballos terán un seguimento cada quince días e contarán hasta un 30% da nota das probas a realizar. Os alumnos deberán acadar un mínimo de catro puntos na proba de coñecementos (obxectiva) a partires de entón incrementáraselles os 3 puntos dos traballos do caderno tendo sempre presente que se entreguen tódalas láminas plantexadas polo departamento de Artas Plásticas. Os alumnos terán unha titoría tódolos venres de 12:05 a 12:30.

Sistema de recuperacións extraordinarias

Nas probas extraordinarias de xuño e setembro, os alumnos entregarán tódolos traballos feitos ó longo do curso e realizarán unha proba obxectiva na que haberá cuestións de carácter teórico e de carácter práctico. Esta proba axustarase ós contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva e versará sobre a materia impartida durante o curso.

Sistema de recuperación de avaliacións durante o curso

Remitímonos ós criterios de cualificación xa descritos anteriormente.

Directrices. Procedementos e instrumentos para a realización da Avaliación inicial.

A avaliación inicial ten un carácter de diagnóstico que permite coñecer a situación de partida de cada alumno ó comezo do curso. Realizaranse traballos feitos en clase e na casa moi básicos que permitirán detectar posibles atrancos. Analizarase a autonomía do alumno e comprobarase o grao de cumprimentos das tarefas realizadas tanto na aula como na casa así mesmo a relación co resto do grupo.

A través do titor, pedirase a información do historial escolar do alumno e no seu caso do departamento de orientación.

Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Para podermonos situar e saber de onde partimos hai que facer unha avaliación inicial, pode ser unha simple enquisa, unha sinxela proba sobre a materia. Non partimos de cero, xa se impartiu educación artística en primaria e hai temas que coñecen, as cores, os materiais, as cartulinas, as máscara, teñen manipulado técnicas sinxelas como as barras de cores, as ceras, etc. As teorías da construción de coñecementos din que hai que partir do que os alumnos saben, para construír a través de aprendizaxes significativas novas estruturas e novos coñecementos.

Mediante unha charla en grupo y unha enquisa por escrito, ao comezo da primeira sesión e despois de explicar a programación xeral da materia, realizaremos unha proba ou análise para coñecer o nivel de coñecementos previos, mediante os que estaremos en condicións de establecer todo o proceso e poder abordar ass aprendizaxes significativas adecuadas.

Unha posible proposta de coñecementos previos a analizar son:

- Coñecemento e práctica de instrumentos elementais de debuxo.
- Conceptos básicos sobre la definición de formas xeométricas.
- Coñecemento e manexo de soportes de maior uso e aplicación.
- Nocions básicas sobre a cor, gamas, mesturas de cores primarias e secundarias, expresividade.
- Aspectos básicos sobre a observación e percepción de manifestacións artísticas e plásticas da nosa cultura.

ORIENTACIONES PARA A AVALIACIÓN.

O proceso de avaliación do alumnado resposta ao esquema seguinte

PROCESO DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO			
	Avaliación Inicial	Avaliación Formativa	Avaliación Sumativa
¿Qué se debe o desea evaluar?	Los conocimientos previos que permitan adecuar el proceso educativo que haga posible los aprendizajes significativos.	Los avances, dificultades, trabas, que configuran el proceso de aprendizaje. También se puede evaluar el propio proceso. Se pretende posibilitar la modificación de estrategias de aprendizaje y adecuarlas a las necesidades detectadas.	Los tipos y grados de aprendizaje que estipulan los objetivos, esto es, constatar el nivel alcanzado en la adquisición de las capacidades formuladas en los objetivos.
¿Cómo se ha de evaluar?	Mediante procedimientos diversos: <ul style="list-style-type: none"> ❖ Discusión en grupo. ❖ Entrevistas personales. ❖ Tormenta de ideas. ❖ Pruebas objetivas. ❖ Historial de los alumnos. ❖ Registro e interpretación de respuestas y comportamientos de los alumnos. 	Observación directa, realizada de un modo sistemático, de todo el proceso de aprendizaje. Preguntas orales, revisión de las actividades propuestas. Registro de todas las cuestiones observadas. Análisis, interpretación y consecuencias de tales observaciones.	Observación, registro e interpretación de las respuestas y comportamientos de los alumnos. Pruebas de evaluación, análisis de los trabajos realizados, cuestionarios de autoevaluación.
¿Cuándo se realizará la evaluación ?	Al inicio de un nuevo período de aprendizaje.	A lo largo del proceso de aprendizaje, después de un bloque de actividades, planteándose otras actividades de refuerzo, de recuperación, etc.	Al final de un período de aprendizaje.

Convén avaliar a capacidade dos alumno/as para establecer un proceso de traballo, que lles permita realizar tarefas de análise e síntese das linguaxes visuais ou plásticas. Tamén se valorará o coñecemento abstracto e a súa aplicación como apoio na realización de actividades de aprendizaxe.

Outro aspecto importante a avaliar é a capacidade dos alumno/as para resolver, de forma diferente, autónoma e persoal, as situacións ou actividades prantexadas, así como a correcta execución dos traballos, tanto no plano

conceptual como material, utilizando correctamente os instrumentos, técnicas e métodos necesarios.

O interese, esforzo e dedicación dos alumno/as na realización das actividades será, asimesmo, valorado.

Medidas de atención a diversidade.

Os intereses e capacidades de cada alumno/a son diferentes e deberán ser tidos en conta á hora de impartir a área, sobre todo, no referente aos ritmos de aprendizaxe e de progresión. Neste sentido, convén coñecer o punto de partida de cada un dos alumnos, para unha posterior aprendizaxe e planificar os niveis de dificultade que se van a atopar os alumno/as, así como o número de actividades de ensino-aprendizaxe que haberán de desenvolver.

A metodoloxía da materia organizouse de maneira que o proceso de ensino e aprendizaxe se adapte ás características particulares dos alumnos a través de:

- A formulación de actividades nas cales partindo das pautas marcadas polo profesor cada alumno deba buscar solucións persoais permitindo que o resultado obtido responda aos gustos e posibilidades dos alumnos.

- A formulación de actividades variadas que motiven o interese dos alumnos e ao mesmo tempo esperten a súa curiosidade por coñecer diferentes aspectos no ámbito da visualidade ou da actividade plástica.

- A formulación de actividades destinadas a uns determinados grupos de alumnos en función das súas características.

- O deseño de actividades de dificultade ou complejidade crecente que poidan atender ás capacidades de alumnos con diferentes niveis e aptitudes, de maneira que sexa o propio alumno na súa práctica o que estableza o seu progresión.

En canto á avaliación terase en conta que cada traballo de cada alumno hase de valorar como único e orixinal, estimulándolle a superar as dificultades e a seguir avanzando no seu proceso de aprendizaxe. Para iso convén facilitarlle a reflexión sobre o realizado, sobre o apreso e a análise das dificultades coas que se atopou.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso

- Na Educación Secundaria Obligatoria, a **comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional** traballaranse en todas as materias.

- As Administracións educativas fomentarán o **desenrolo da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade** e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquer condición ou circunstancia.

As Administracións educativas fomentarán a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a **liberdade, a xusticia, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, as persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración coas vítimas do terrorismo e a prevención de calquer tipo de violencia.**

- A programación docente debe comprender en todo caso a **prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquer forma de violencia, racismo ou xenofobia.**

- **Evitaranse os comportamentos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.**

- Os currículos incorporarán elementos curriculares relacionados co **desenrolo sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade**, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización de as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- Os currículos de Educación incorporarán elementos curriculares orientados ao **avance e afianzamento do espírito emprendedor**, á adquisición de **competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas** e ao **fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor** e ao empresario, así como á ética empresarial. As Administracións educativas fomentarán as medidas para que o **alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar el espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de **aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido de traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.**

- As Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil. A estes efectos,

promoverán a práctica diaria do deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.

Actividades complementarias e extraescolares

Compre dicir que na situación sanitaria vixente no momento de redactar esta programación, non será posible a realización de actividades extraescolares. De todas formas, e en previsión de que esta situación puidera cambiar, apuntamos como posibles actividades extraescolares a realización de visitas a algunha exposición artística que tivera lugar na cidade de Pontevedra durante os meses do curso ou a visita comentada e guiada ó museo de Pontevedra e a algún dos edificios monumentais da cidade, como por exemplo as ruínas de Santo Domingo ou a Igrexa de Santa María a Maior, seguida da realización dunha práctica gráfica. Tamén ven sendo habitual no noso centro a participación dos alumnos de educación plástica, desde a vertiente propia da materia, en actividades organizadas por outros departamentos: montaxe de exposicións, escenografías, creación de disfraces para o antroído, deseños de rotulación e cartelística, semana da ciencia, etc. Todas as devanditas son actividades que non requiren unha planificación previa con datas moi concretas nin unha dotación económica ou infraestrutura, polo que se poden realizar no momento do curso que se considere máis oportuno. Asemade, como xa queda dito, o departamento está aberto á realización de actividades que, con criterios de transversalidade, propoñan outros profesores ou departamentos do centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións

Neste apartado compre promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica hai unha serie de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo é unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, que se pode realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

Como xa quedou dito, as principais eivas da presente programación didáctica poden estar na parte da temporización e da distribución de contidos, dado o axustado que resulta o tempo de horas lectivas. Na memoria que se realice a finais do mes de xuño han quedar recollidas as correspondentes incidencias ou reflexións que contribuirán a solventar posibles deficiencias.

Bibliografía e enderezos de internet

- ARNHEIM, R.: Arte y percepción visual. Alianza, Madrid
- LAZOTTI, L.: Comunicación visual y escuela. G.G.,
- LAZOTTI, L.: El Lenguaje Visual (Educación Plástica y visual) . Publicaciones M.E.C 1983
- BALADA, M. JUANOLA, R.: La educación visual en la escuela. Paidós Ibérica,
- BRUNO ERNST. Des mondes impossibles (figures impossibles/illusions d'optique).Evergreen-Taschen 2006
- CURSO DISEÑO GRAFICO PUBLICITARIO. Ediciones Orbis.Fabbri.1989
- GUILFORD, J.: Creatividad y educación. Paidós Ibérica, 1984.
- DANIELLE QUARANTE. Diseño Industrial I-Diseño Industrial 2.CEAC.
Enciclopedia del Diseño.1992
- DONDIS, Donis A.: La sintaxis de la imagen. G.G.,.1973-76
- DORFLES, G.: El diseño industrial y su estética. Ed. Labor, Barcelona.
- E.W.EISNER. Educación artística basada en la disciplina
- FREDERICK MALINS. Para entender la Pintura. Herman Blume.1983
- FUENTES O., y GONZÁLEZ H.: Diseño 1 y 2. Ed. Didascalía, Madrid.
- JAMIE COMBS/BRENDA HODDINOTT. Dibujo para Dummies. Willey Publishing.2013
- J.J.MOLINA/L.CABEZAS/J.BORDES. El Manual de Dibujo. Ed Catedra.2001
- KAHN, L.: Forma y diseño. Nueva Visión.
- LE CORBUSIER: El modulator. Poseidón, Buenos Aires.
- LEOZ, R.: Redes y ritmos espaciales. Blume, Barcelona.
- MARIA ACASO. El Lenguaje Visual. Paidós Estética.2006
- MANFRED MAIER. Proceso elementales de proyectación y configuración.G.C.Diseño1982
- M.C.ESHER. El espejo Mágico. Ed. TASCHEM
- MUNARI, B.: Diseño y comunicación visual. G.Gili, Barcelona.
- MUNARI, B.:El arte como Oficio (Arte come mestiere) .. Idea BOOKS. 2005
- KANDINSKY: De lo espiritual en el arte. De. Labor, Barcelona.

WONG, W.: Fundamentos del diseño Bi-y-tridimensional. G.Gili, Barcelona.

Enderezos de internet

<http://www.educacionplastica.net> (del ministerio de educación)

<https://sites.google.com/site/bibliotecaespiralcromatica/educacion-plastica-y-visual-1>

<http://capileiraticrecursos.wikispaces.com/RECURSOS+PARA+E.+SECUNDARIA>

COMIC

<http://tech.batanga.com/2011/04/09/los-mejores-sitios-para-crear-comics-online>

<http://yoprofesor.ecuadorsap.org/top-5-de-herramientas-para-crear-comics/>

Outras

[Color - Wikipedia, la enciclopedia libre](#)

es.wikipedia.org/wiki/Color

[Teoría del color](#) - [Colores web](#) - [Color primario](#) - [Anexo:Colores](#)

[El color, historia del color, armonía, pigmentos](#)

www.fotonostra.com/grafico/elcolor.htm

[El color - TEMAS CLAVE](#)

www.librosvivos.net/smtc/hometc.asp?temaclave=1014

[El Color](#)

www.educacionplastica.net/MenuColor.htm Síntesis Aditiva del **Color**: Una breve explicación y un gráfico interactivo para experimentar la obtención de **colores**-luz a partir del rojo, el verde y el azul.

El Color Educación Plástica y Visual 1º y 2º de la E.S.O.. Entrar · Guía del profesor · Guía de uso · Requerimientos del sistema.

[El color. Informacion y fotos](#)

www.arqhys.com/el-color.html

> 10 elementos – Todo sobre **el color**, la teoria del **color**, significacion de los ...

El color. Que es el color, la aplicación del color en la arquitectura

Debuxo Artístico I. 1º de Bacharelato

Introdución e contextualización

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

Ao longo da historia, a imaxe e a palabra teñen constituido as formas máis importantes para transmitir e expresar ideas e sentimentos, ademáis de ser fonte de coñecemento de cada época. Na sociedade actual, e en particular desde a segunda metade do século XX, a imaxe ten cobrado un protagonismo sin precedentes en ningunha outra época da historia humana, influíndo en casi todas as actividades, formas de vida e creacións da nosa civilización; entre outras destacar a influencia da publicidade, dos medios de comunicación y da arte, da man dun desenvolvemento dos medios de tratamento das imáxes e a información impensables fai varias décadas.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Esta materia polo seu carácter teórico-práctico e integrador e pola aplicación directa dos seus contidos, potencia en maior ou menor medida o **desenrolo de todas as competencias clave**. O currículo do Debuxo Artístico permite a todo o alumnado o desenvolvemento de todas as competencias clave, desde un enfoque significativo e integral, interrelacionando **saberes conceptuais, saberes procedimentais, actitudes e valores** propios da materia. A contextualización das aprendizaxes e das metodoloxías activas garanten a transferencia do aprendido, contribuíndo ao desenvolvemento de cada unha das **sete competencias clave**.

- O Debuxo Artístico **vincúlase en particular** coa competencia **“Conciencia e expresións culturais”**, pois integra actividades e procesos creativos da realidade e da produción artística e favorece o desenrolo da sensibilidade artística e da alfabetización estética. Ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas e a ser capaz de se expresar a través da imaxe. Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas; sempre que fora posible, terían que se ligar co sustrato cultural da súa rexión ou comunidade. Por outra parte, contribúese a esta competencia cuando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e se ten a capacidade de expresarse a través da

imaxe.

- **Comunicación lingüística.** O debuxo permite facer uso de uns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e con iso enriquecer a comunicación, desde o coñecemento do seu propio contexto socio-cultural. É unha competencia desenvolvida durante todo o curso a través dos bloques de contido, os alumnos terán que explicar, argumentar e expoñer os seus propios proxectos, de forma oral e escrita, ao mesmo tempo que aprenden a usar un amplo vocabulario específico da materia: significados da imaxe, descrición dos medios de expresión, a linguaxe da comunicación visual, a publicidade, o cine, as funcións das imaxes, etc. Toda forma de comunicación posúe uns procedimentos comúns e, como tal, a Educación plástica e visual permite facer uso de uns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e con elo enriquecer a comunicación.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.** A través do razoamento matemático e do pensamento lóxico e espacial. Desde os elementos estruturais da imaxe, fondo, forma, tamaño, situación, hasta as construcións xeométricas (ángulos, triángulos, polígonos, etc.). Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica é obxectivo da área, así como profundar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. As capacidades descritas anteriormente contribúen a que o alumnado adquira esta **competencia**.

- **Competencia dixital.** A través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación, como medio de búsqueda, selección e tratamento da información de maneira crítica e reflexiva. Inclúe aspectos como a observación sistemática, a creación de imaxes, o uso de algunhas ferramentas informáticas para crear e/ou tratar textos e imaxes. A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia expresa o papel que se otorga a esta materia na adquisición da competencia en tratamento da información e en particular ao mundo da imaxe que dita información incorpora. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón unha ferramenta potente para a produción de creacións visuais e á súa vez colabora na mellora d esta **competencia**.

- **Competencia de aprender a aprender,** a través da investigación, experimentación e aplicación práctica dos contidos, integrando unha búsqueda persoal das propias formas de expresión, participando de forma autónoma na resolución de problemas e organizando a súa propia aprendizaxe a través da xestión do tempo e a información na planificación e organización das actividades. Traballa a observación sistemática, a análise de casos e a búsqueda de solucións. Desenvolve a capacidade para superar obstáculos, fomenta a motivación e a confianza nun mesmo; contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre procesos e experimentación creativa, a toma de

conciencia das propias capacidades e recursos así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

- **Competencia social:** compartir proxectos, valorar o traballo individual e colectivo. A traveso do traballo en equipo suscitaranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e se favorecerá a adquisición de habilidades sociais; fomenta o uso de medios de expresión ou comunicación e a valoración crítica dos mesmos (cine, televisión, prensa...). Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, se promoverán actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e a aceptación das diferenzas e se contribuirá á adquisición de habilidades sociais. Por outra parte, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas diante dun mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

- **Espíritu emprendedor e de iniciativa.** Todo proxecto creativo require planificar, xestionar e tomar decisións; os contidos da materia promoven a iniciativa, a innovación, a autonomía e a independencia, como factores que contribúen a aprendizaxe eficaz e ao desenvolvemento persoal do alumnado. Potencia a capacidade para pensar de forma creativa. A Educación plástica colabora na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Colabora estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En resumo, sitúa ao alumnado diante dun proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación, e a autocrítica fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

- **Coñecemento e interacción co mundo físico.** A práctica do debuxo contribúe á adquisición da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico mediante a utilización de procedimentos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación e o descubrimento e a reflexión e análise posterior. Asimesmo introduce valores de sostibilidade e reciclaxe en canto á conservación do patrimonio cultural.

En resumo, o currículo desta materia **posibilita** que a aprendizaxe da produción, deseño e creación de imaxes, obxectos ou feitos a traveso de códigos visuais, artísticos e técnicos poda concretarse en propostas diversas de descrición e representación grafico-plástica, de expresión subxectiva, de composición visual, de transferencia de linguaxes, ou de transformación de imaxes.

Posibilita tamén a súa posta en práctica tanto cos medios grafico-plásticos tradicionais e actuais, como a traveso das **tecnoloxías dixitais**, que abran vías de experimentación de novas formas de expresión e creación.

Concreción dos obxectivos

As ensinanzas no Bacharelato contribuirán a desenrolar nos alumnos e as alumnas as **capacidades que lles permitan**:

1- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Como xa quedou dito, a presentación das láminas cos exercicios realizados será condición indispensable para poder superar a materia e, asemade, a realización de probas de recuperación nas datas estipuladas. Estes traballos terán un seguimento cada quince días e contarán hasta un 30% da nota das probas a realizar. Os alumnos deberán acadar un mínimo de catro puntos na proba de coñecementos (obxectiva) a partires de entón incrementáraselles os 3 puntos dos traballos do caderno tendo sempre presente que se entreguen tódalas láminas plantexadas polo departamento. Os alumnos terán unha titoría tódolos venres de 12:05 a 12:30.

Sistema de recuperacións extraordinarias

Nas probas extraordinarias de xuño e setembro, os alumnos entregarán tódolos traballos feitos ó longo do curso e realizarán unha proba obxectiva, na que haberá cuestións de tipo teórico e tamén práctico. Esta proba axustarase ós contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva e versará sobre a materia impartida ao longo do curso.

Sistema de recuperación de avaliacións durante o curso

Remitímonos ós criterios de cualificación xa descritos anteriormente.

Organización de procedementos para acreditar coñecementos

Tal e como xa quedou dito, as características da materia fan do seguimento directo e presencial o principal procedemento co que conta o profesor para acreditar o nivel, traballo e progresión na aprendizaxe dos alumnos. Con todo, tal e como queda expresado nos apartados anteriores, tamén se realizarán probas obxectivas nas que os estudantes terán que amosar o seu nivel de destreza e coñecementos.

Medidas de atención a diversidade

Os intereses e capacidades de cada alumno/a son diferentes e deberán ser tidos en conta á hora de impartir a área, sobre todo, no referente aos ritmos de aprendizaxe e de progresión. Neste sentido, convén coñecer o punto de partida de cada un dos alumnos, para unha posterior aprendizaxe e planificar os niveis de dificultade que se van a atopar os alumno/as, así como o número de actividades de ensino-aprendizaxe que haberán de desenvolver. A metodoloxía da materia organizouse de maneira que o proceso de ensino e

aprendizaxe se adapte ás características particulares dos alumnos a través de:

-A formulación de actividades nas cales partindo das pautas marcadas polo profesor cada alumno deba buscar solucións persoais permitindo que o resultado obtido responda aos gustos e posibilidades dos alumnos.

- A formulación de actividades variadas que motiven o interese dos alumnos e ao mesmo tempo esperten a súa curiosidade por coñecer diferentes aspectos no ámbito da visualidad ou da actividade plástica.

- A formulación de actividades destinadas a uns determinados grupos de alumnos en función das súas características.

- O deseño de actividades de dificultade ou complexidade crecente que poidan atender ás capacidades de alumnos con diferentes niveis e aptitudes, de maneira que sexa o propio alumno na súa práctica o que estableza o seu progresión.

En canto á avaliación terase en conta que cada traballo de cada alumno hase de valorar como único e orixinal, estimulándolle a superar as dificultades e a seguir avanzando no seu proceso de aprendizaxe. Para iso convén facilitarlle a reflexión sobre o realizado, sobre o apreso e a análise das dificultades coas que se atopou.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso

- Na Educación Secundaria Obligatoria, a **comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional** traballaranse en todas as materias.

- As Administracions educativas fomentarán o **desenrolo da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero** ou

contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquer condición ou circunstancia.

As Administracións educativas fomentarán a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, **así como dos valores que sustentan a liberdade, a xusticia, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, as persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración coas vítimas do terrorismo e a prevención de calquer tipo de violencia.**

- A programación docente debe comprender en todo caso a **prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquer forma de violencia, racismo ou xenofobia.**

- **Evitaranse os comportamentos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.**

- Os currículos incorporarán elementos curriculares relacionados co **desenrolo sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade**, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización de as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- Os currículos de Educación incorporarán elementos curriculares orientados ao **avance e afianzamento do espírito emprendedor**, á adquisición de **competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas** e ao **fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor** e ao empresario, así como á ética empresarial. As Administracións educativas fomentarán as medidas para que **o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar el espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de **aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido de traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.**

- As Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil. A estes efectos, **promoverán a práctica diaria do deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar**, nos termos e condicións que garantan un desenrolo adecuado **para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.**

Actividades complementarias e extraescolares

Compre dicir que na situación sanitaria vixente no momento de redactar esta programación, non será posible a realización de actividades extraescolares. De todas formas, e en previsión de que esta situación puidera cambiar, apuntamos como posibles actividades extraescolares a realización de visitas a algunha exposición artística que tivera lugar na cidade de Pontevedra durante os meses do curso ou a visita comentada e guiada ó museo de Pontevedra e a algún dos edificios monumentais da cidade, como por exemplo as ruínas de Santo Domingo ou a Igrexa de Santa María a Maior, seguida da realización dunha práctica gráfica. Tamén ven sendo habitual no noso centro a participación dos alumnos de educación plástica, desde a vertiente propia da materia, en actividades organizadas por outros departamentos: montaxe de exposicións, escenografías, creación de disfraces para o antroido, deseños de rotulación e cartelística, semana da ciencia, etc. Todas as devanditas son actividades que non requiren unha planificación previa con datas moi concretas nin unha dotación económica ou infraestrutura, polo que se poden realizar no momento do curso que se considere máis oportuno. Asemade, como xa queda dito, o departamento está aberto á realización de actividades que, con criterios de transversalidade, propoñan outros profesores ou departamentos do centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións

Como xa quedou dito, as principais eivas da presente programación didáctica poden estar na parte da temporización e da distribución de contidos, dado o axustado que resulta o tempo de horas lectivas. Na memoria que se realice a finais do mes de xuño han quedar recollidas as correspondentes incidencias ou reflexións que contribuirán a solventar posibles deficiencias.

Debuxo Artístico II. 2º de Bacharelato

Introdución e contextualización

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e

outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

Ao longo da historia, a imaxe e a palabra teñen constituído as formas máis importantes para transmitir e expresar ideas e sentimentos, ademais de ser fonte de coñecemento de cada época. Na sociedade actual, e en particular desde a segunda metade do século XX, a imaxe ten cobrado un protagonismo sin precedentes en ningunha outra época da historia humana, influíndo en casi todas as actividades, formas de vida e creacións da nosa civilización; entre outras destacar a influencia da publicidade, dos medios de comunicación y da arte, da man dun desenvolvemento dos medios de tratamento das imáxes e a información impensables fai varias décadas.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Esta materia polo seu carácter teórico-práctico e integrador e pola aplicación directa dos seus contidos, potencia en maior ou menor medida o **desenrolo de todas as competencias clave**. O currículo do Debuxo Artístico permite a todo o alumnado o desenvolvemento de todas as competencias clave, desde un enfoque significativo e integral, interrelacionando **saberes conceptuais, saberes procedimentais, actitudes e valores** propios da materia. A contextualización das aprendizaxes e das metodoloxías activas garanten a transferencia do aprendido, contribuíndo ao desenvolvemento de cada unha das **sete competencias clave**.

- O Debuxo Artístico **vincúlase en particular** coa competencia **“Conciencia e expresións culturais”**, pois integra actividades e procesos creativos da realidade e da produción artística e favorece o desenrolo da sensibilidade artística e da alfabetización estética. Ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores

estéticos e culturais das producións artísticas e a ser capaz de se expresar a través da imaxe. Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas; sempre que fora posible, terían que se ligar co sustrato cultural da súa rexión ou comunidade. Por outra parte, contribúese a esta competencia cuando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e se ten a capacidade de expresarse a través da imaxe.

- **Comunicación lingüística.** O debuxo permite facer uso de uns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e con iso enriquecer a comunicación, desde o coñecemento do seu propio contexto socio-cultural. É unha competencia desenvolvida durante todo o curso a través dos bloques de contido, os alumnos terán que explicar, argumentar e expoñer os seus propios proxectos, de forma oral e escrita, ao mesmo tempo que aprenden a usar un amplo vocabulario específico da materia: significados da imaxe, descrición dos medios de expresión, a linguaxe da comunicación visual, a publicidade, o cine, as funcións das imaxes, etc. Toda forma de comunicación posúe uns procedimentos comúns e, como tal, a Educación plástica e visual permite facer uso de uns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e con elo enriquecer a comunicación.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.** A través do razonamento matemático e do pensamento lóxico e espacial. Desde os elementos estruturais da imaxe, fondo, forma, tamaño, situación, hasta as construcións xeométricas (ángulos, triángulos, polígonos, etc.). Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica é obxectivo da área, así como profundar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. As capacidades descritas anteriormente contribúen a que o alumnado adquira esta **competencia**.

- **Competencia dixital.** A través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación, como medio de búsqueda, selección e tratamento da información de maneira crítica e reflexiva. Inclúe aspectos como a observación sistemática, a creación de imaxes, o uso de algunhas ferramentas informáticas para crear e/ou tratar textos e imaxes. A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia expresa o papel que se otorga a esta materia na adquisición da competencia en tratamento da información e en particular ao mundo da imaxe que dita información incorpora. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non so supón unha ferramenta potente para a produción de creacións visuais e á súa vez colabora na mellora d esta **competencia**.

- **Competencia de aprender a aprender**, a traveso da investigación, experimentación e aplicación práctica dos contidos, integrando unha búsqueda persoal das propias formas de expresión, participando de forma autónoma na resolución de problemas e organizando a súa propia aprendizaxe a traveso da xestión do tempo e a información na planificación e organización das actividades. Traballa a observación sistemática, a análise de casos e a búsqueda de solucións. Desenvolve a capacidade para superar obstáculos, fomenta a motivación e a confianza nun mesmo; contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre procesos e experimentación creativa, a toma de conciencia das propias capacidades e recursos así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

- **Competencia social**: compartir proxectos, valorar o traballo individual e colectivo. A traveso do traballo en equipo suscitaranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e se favorecerá a adquisición de habilidades sociais; fomenta o uso de medios de expresión ou comunicación e a valoración crítica dos mesmos (cine, televisión, prensa...). Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, se promoverán actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e a aceptación das diferencias e se contribuirá á adquisición de habilidades sociais. Por outra parte, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas diante dun mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

- **Espírito emprendedor e de iniciativa**. Todo proxecto creativo require planificar, xestionar e tomar decisións; os contidos da materia promoven a iniciativa, a innovación, a autonomía e a independencia, como factores que contribúen a aprendizaxe eficaz e ao desenvolvemento persoal do alumnado. Potencia a capacidade para pensar de forma creativa. A Educación plástica colabora na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Colabora estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En resumo, sitúa ao alumnado diante dun proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación, e a autocrítica fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

- **Coñecemento e interacción co mundo físico**. A práctica do debuxo contribúe á adquisición da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico mediante a utilización de procedimentos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación e o descubrimento e a reflexión e análise posterior. Asimesmo introduce valores de sostibilidade e reciclaxe en canto á conservación do patrimonio cultural.

En resumo, o currículo desta materia **posibilita** que a aprendizaxe da produción, deseño e creación de imaxes, obxectos ou feitos a traveso de códigos visuais, artísticos e técnicos poda concretarse en propostas diversas de descrición e representación grafico-plástica, de expresión subxectiva, de

composición visual, de transferencia de linguaxes, ou de transformación de imaxes.

Posibilita tamén a súa posta en práctica tanto cos medios gráfico-plásticos tradicionais e actuais, como a traveso das **tecnoloxías dixitais**, que abran vías de experimentación de novas formas de expresión e creación.

Concreción dos obxectivos

As ensinanzas no Bacharelato contribuirán a desenrolar nos alumnos e as alumnas as **capacidades que lles permitan**:

1- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comuns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

2- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenrolo persoal.

3- Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquer outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

4- Afortalar as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquer tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

5- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

6- Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

7- Desenvolver o espírito empreendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

8- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas galega e castelá textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

9- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas extranxeiras de maneira apropiada.

10- Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e allea, así como o patrimonio artístico e cultural.

11- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

12- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Considerando os obxectivos do Debuxo Artístico, esta etapa terá como obxectivo o **desenvolvemento das seguintes capacidades:**

1. Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes do entorno natural e cultural, con especial atención ao galego, sendo sensible ás cualidades plásticas, estéticas e funcionais, transmitíndoas de forma verbal e escrita.

2. Apreciar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e apreciando os seus contidos e enténdelos como parte da diversidade do patrimonio cultural, sobre todo do galego, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora, reforzando a capacidade de coñecer e interpretar o mundo físico.

3. Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e escoller a fórmula expresiva máis adecuada en función das necesidades de comunicación.

4. Expresarse con creatividade, mediante o uso das ferramentas da linguaxe plástica e visual actual e saber relacionalas con outros ámbitos de coñecemento.

5. Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, á reflexión crítica e ao respecto entre as persoas.
6. Utilizar as diversas técnicas plásticas e visuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicarlas a diferentes interpretacións visuais nas propias creacións.
7. Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das cualidades das superficies e o detalle de maneira que sexan eficaces para a comunicación.
8. Planificar de forma individual e cooperativa o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados, reflexionar, revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado da súa consecución.
9. Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo intercultural, a colaboración, a liberdade de expresión, a práctica de experiencias artísticas compartidas e la comunicación.
10. Apreciar a creatividade na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a traveso de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura e as artes visuais e escénicas do patrimonio cultural universal e, en particular, de Galicia.

A formación nesta etapa engloba a aprendizaxe das distintas linguaxes plásticas, desde o cine, a fotografía, o deseño hasta o debuxo técnico. Estes recursos son fundamentais para asimilar contidos de outras áreas e supoñen a base fundamental para futuros estudos, respondendo ás necesidades comunicativas actuais, profundizando no proceso creativo para resolver problemas da realidade cotián e o uso determinante das novas tecnoloxías como medio expresivo.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliado

Os contidos están organizados nos **TRES BLOQUES**, distribuídos en **OITO UNIDADES DIDÁCTICAS**.

Hai un total de 25 actividades directamente vinculadas cos contidos de tipo conceptual do temario

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A forma. Estudo e transformación				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subjectivas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Modelo analítico e modelo sintético. ▪ B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 2: A expresión da subjectividade				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subjectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. ▪ B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subjectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 3. Debuxo e perspectiva				

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. ▪ B3.2. Representación da forma con fins expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
Bloque 4. O corpo humano como modelo				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Nocións básicas de anatomía artística. ▪ B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
Bloque 5. O debuxo no proceso creativo				

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.2. Demuestra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CCL

Debuxo Artístico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Actitude creativa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Aposar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Criterios de calificación. *A través de observación en el aula y realización de de actividades. Realizar un mínimo de 70% actividades (laminas), calificadas de 0 a 10 con valor > 5. Actitud positiva hacia la materia (interés, trabajo.)*

Criterios de recuperación. *Entrega de las actividades pendientes. Alguna de las actividades se puede entender como clave como mínimo obligatorio para recuperar.*

Nota. *Es importante tener en cuenta las distintas capacidades y ritmos de los alumnos. Valorar sobre todo el interés y el esfuerzo creativo. Estas cifras de mínimos son meramente indicativas, cada docente decidirá cuales son los mínimos para superar en cada evaluación la materia.*

Metodología y recursos didácticos

Se requiere una metodología activa y atenta a lo que acontece en el aula.

El profesor realizara una breve presentación de los contenidos de la unidad mediante una proyección de los mismos o resumen escrito de los contenidos del libro de teoría, incidiendo en los conceptos clave como: expresividad del punto, tipos de líneas, definir formas mediante puntos, expresividad de la línea, ritmos lineales, líneas para definir formas y volúmenes, proceso para realizar un dibujo a mano, normas para trabajar con lápices de grafito, carboncillo y lápices de colores, el claroscuro, definición de volúmenes con luces y sombras.

Se pueden usar recursos audiovisuales como el proyector o resúmenes mediante medios audiovisuales; lo inmediato hacer una lectura comprensiva de los conceptos y definiciones explicados en el libro de teoría, apoyado en proyección de imágenes, al final hacer un resumen (hay test de autoevaluación en cada unidad didáctica para los contenido mínimos).

Se explicaran las actividades, el número de ellas, su nivel de dificultad, los materiales necesarios y se hace una propuesta de trabajo en equipos o grupos, para utilizar diferentes técnicas e instrumentos, de forma que se marque un plan de trabajo de las diferentes laminas, con un límite de tiempo, dejando claro los mínimos los mínimos a conseguir...

Recursos didácticos. Ambos textos (teoría y actividades). Cañón de proyección (se va a disponer en la web de la editorial de los textos en formato PDF y Word). Un par de quipos informáticos para consultas vía internet o materiales didácticos.

Materiales para dibujo y pintura. **Equipos de grupo:** diferentes cajas de lápices, rotuladores, ceras y pasteles de color), equipos de pinturas al gouache/témpera, soportes (las propias laminas del libro de actividades) otros soportes e de papel grueso (gramaje superior y cartulinas adecuadas para estas técnicas)

Los alumnos deben tener un **equipo de trabajo individual** sencillo con lápices de diferentes grosores, plantillas de dibujo y compas, y alguna técnica de color como lápices o barrad de ceras. El resto, que utilicen los del grupo o equipo, con las debidas instrucciones para su guarda y mantenimiento.

COMPETENCIAS QUE SE TRABAJAN

**Comunicación lingüística. Conciencia y expresiones culturales
Competencia social. Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor.
Aprender a aprender. Competencia en el conocimiento y la interacción
con el mundo físico**

Competencia de comunicación lingüística.

En esta unidad didáctica se estudian y trabajan contenidos, habilidades y actitudes para expresar ideas, sentimientos y emociones. A través de textos con actividades de explotación, se trabaja de forma explícita los contenidos relacionados con la adquisición de la competencia lectora. Uso del léxico propio del lenguaje visual y plástico.; el lenguaje visual utiliza recursos propios para expresarse e, relacionándolo con otros lenguajes.

Conciencia y expresiones culturales.

El alumnado aprende a leer y valorar obras de arte, y a apreciar los valores estéticos y culturales de las producciones artísticas. Consigue, además, ampliar el conocimiento que posee sobre los diferentes códigos artísticos y la utilización de las técnicas y los recursos que les son propios. La experimentación e investigación con diferentes técnicas plásticas y visuales facilita la adquisición de esta competencia en la creación de las diversas y variadas composiciones propuestas en las actividades de esta unidad didáctica.

Tiene que ver, con la particular forma de acercamiento a la realidad que los hechos artísticos suponen y han supuesto para los seres humanos. Del mismo modo, se liga al conocimiento de los caminos andados por la sociedad en las prácticas artísticas y a los usos y función social.

Competencia social y cívica.

La realización de trabajos en equipo, valorando la tolerancia, respeto, cooperación y flexibilidad dentro del grupo y reconociendo las posibilidades expresivas del mismo. Por otra parte, el trabajo con herramientas propias del lenguaje visual, que inducen al pensamiento creativo y a la expresión de emociones, vivencias e ideas proporciona experiencias directamente relacionadas con la diversidad de respuestas ante un mismo estímulo y la aceptación de las diferencias.

Iniciativa personal y espíritu emprendedor

Teniendo en cuenta que todo proceso de creación supone convertir una idea en una obra, las actividades propuestas sitúan al alumnado ante un proceso que le obliga a tomar decisiones de manera autónoma. Todo ello, junto con el espíritu creativo, la experimentación, la investigación, y la autocrítica fomentan la iniciativa y autonomía personal.

Experimentación utilización de técnicas en función de las intenciones expresivas y descriptivas. Realización de proyectos creativos mostrando iniciativa personal e imaginación.

Realización de apuntes, esbozos y esquemas en todo el proceso de creación (desde la idea inicial hasta la elaboración de imágenes), facilitando la autorreflexión, autoevaluación y evaluación.

Competencia para aprender a aprender

Esta competencia se adquiere en la medida en que se favorezca la reflexión sobre los procesos y experimentación creativa ya que implica la toma de conciencia de las propias capacidades y recursos así como la aceptación de los propios errores como instrumento de mejora. En las actividades propuestas en la unidad, se trabajan habilidades que permiten que el alumno sea capaz de continuar aprendiendo de forma autónoma, de acuerdo con los objetivos de la propia unidad como:

- Reconocer los distintos lenguajes visuales en las imágenes del entorno y clasificarlos según su finalidad.
- Reconocer los elementos constitutivos de diferentes obras artísticas, analizando de forma elemental las relaciones entre figura fondo, los posibles sistemas de composición, la simetría, el color y las texturas

Competencia en el conocimiento y la interacción con el mundo físico.

Uno de los valores educativos de la materia de educación plástica y visual es la utilización de procedimientos relacionados con el método científico, tales como la observación, la experimentación, el descubrimiento y la reflexión y el análisis posterior. De hecho, la experimentación y exploración de los elementos que estructuran las formas e imágenes (punto, línea, forma, textura y color) así como la interpretación de cuadros y obras ajenas participan de estos valores y colaboran en la adquisición de esta competencia.

El conocimiento de los elementos conceptuales de los lenguajes visuales (punto, línea y textura), hace que esta unidad contribuya de forma importante a la consecución de las habilidades necesarias para interactuar con el mundo físico, posibilitando la comprensión, valoración, análisis y reflexión de obras artísticas, de forma que el alumno se pueda desenvolver de forma óptima en la realización de composiciones diversas.

Concrecións metodolóxicas

O proceso metodolóxico a seguir ha de ter en conta as peculiaridades e circunstancias de cada aula, para traballar individualmente e en equipo, e iniciais no coñecemento da realidade de acordo cos principios dos métodos artístico e científico.

Tendo en conta o acontecido no curso 19-20 e as circunstancias nas que se inicia o presente curso 20-21, faise inevitable facer unha serie de acoutacións metodolóxicas. En primeiro lugar, hai que considerar a posibilidade de que, por razóns de tipo sanitario, durante algún período do curso puidera adoptarse a modalidade de **ENSINO SEMIPRESENCIAL** ou **NON PRESENCIAL**. De darse tal circunstancia, a actividade educativa e de seguimento dos estudantes sería de carácter telemático e, seguindo as indicacións das autoridades educativas da Consellería de Educación, a principal ferramenta utilizada nestas circunstancias debe ser a AULA VIRTUAL do centro. En calquera caso, e no que atinxe ás cuestións expostas na presente programación (obxectivos, metodoloxía, estándares, contidos, competencias, criterios de avaliación e cualificación, etc.) compre dicir que todo se mantén esencialmente igual, xa sexa na modalidade presencial como na semipresencial ou na non presencial. De ter que realizar algunha modificación nalgún aspecto, tales cambios deberán facerse constar nun ANEXO Á PROGRAMACIÓN, tal e como xa se fixo no curso 19-20.

En consecuencia, para conseguir uns resultados satisfactorios, propoñemos téñanse en conta os seguintes principios:

- Debemos ter claros os obxectivos desta materia. Hai unha opinión bastante xeneralizada e ao noso entender errónea, non é unha materia para aprender a debuxar, nin a pintar, nin facer fotografías, aínda que se debuxe, se pinte ou se fagan fotos. Son medios, non fins. Aprender a debuxar, pintar, fotografar é un proceso longo e complicado, require moito tempo e moita práctica (pódese aprender a pintar con acuarelas nunhas horas?); non hai que suscitar NUNCA obxectivos inalcanzables e polo tanto frustrantes. Os obxectivos deben ser realistas, alcanzables, medibles e valorables e polo tanto correxibles.

- En todos os grupos nos que deamos clase sempre imos atopar dúas ou tres alumno moi hábiles debuxando (mirar os seus apuntes ou cadernos), alumnos hábiles cos números, outros con boas condicións para o deporte, outros que cantan ben, etc., outros que lles custa moito entender as explicacións: é a “diversidade”; pero os que pintan ben seguirano facendo con ou sen profesor; se reciben clases específicas de debuxo ou pintura separadamente, mellorarán a súa técnica e poderán chegar lonxe; pero non é esa nosa función, entre outras cousas porque non hai tempo.

- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas galega e castelá textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

- Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e allea, así como o patrimonio artístico e cultural.

- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenrolo persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

- **Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.**

Considerando os obxectivos do Debuxo Artístico, esta etapa terá como obxectivo o **desenrolo das seguintes capacidades:**

1. Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes do entorno natural e cultural, con especial atención ao galego, sendo sensible ás cualidades plásticas, estéticas e funcionais, transmitíndoas de forma verbal e escrita.

2. Apreciar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e apreciando os seus contidos e enténdelos como parte da diversidade do patrimonio cultural, sobre todo do galego, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora, reforzando a capacidade de coñecer e interpretar o mundo físico.
3. Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e escoller a fórmula expresiva máis adecuada en función das necesidades de comunicación.
4. Expresarse con creatividade, mediante o uso das ferramentas da linguaxe plástica e visual actual e saber relacionalas con outros ámbitos de coñecemento.
5. Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, á reflexión crítica e ao respecto entre as persoas.
6. Utilizar as diversas técnicas plásticas e visuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicarlas a diferentes interpretacións visuais nas propias creacións.
7. Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das cualidades das superficies e o detalle.

- Entende-lo debuxo técnico como unha linguaxe universal que nos permite expresar gráfica e obxectivamente unha realidade.
- Desenvolve-las destrezas necesarias para expresarse cos Instrumentos específicos do debuxo, utilizando as técnicas gráficas axeitadas e ofrecendo solucións claras, precisas e obxectivas.
- Desenvolve-la visión espacial para ser quen de relacionar, situar e compara-las formas tanto no espacio real como a súa correspondencia no espacio do debuxo.
- Coñecer e comprende-las regras do debuxo técnico para Interpreta-la representación de formas como imaxe da realidade.
- Usa-los métodos e coñecementos propios do debuxo técnico na investigación e solución razoada de problemas científicos e técnicos.
- Acepta-la normalización como convencionalismo universal que simplifica e facilita o entendemento da representación ou racionaliza-la produción dunha determinada realidade.
- Coñecer e respecta-las principais normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos.
- Desenvolve-la destreza expresiva necesaria para trazar Bosquexos a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais de forma, orientación, proporción, detalles, medida, etc. dunha determinada realidade.

- Valorar a importancia da presentación, o correcto acabado, a exactitude, a limpeza e o coidado do soporte.
- Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica, tanto de forma individual como colectiva.
- Integrar os coñecementos do debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicación da vida cotiá.
- Interesarse polas novas tecnoloxías e o uso de programas de deseño, valorando a súa utilidade e posibilidades.

8. Planificar de forma individual e cooperativa o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados, reflexionar, revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado da súa consecución.

9. Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo intercultural, a colaboración, a liberdade de expresión, a práctica de experiencias artísticas compartidas e la comunicación.

10. Apreciar a creatividade na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a traveso de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura e as artes visuais e escénicas do patrimonio cultural universal e, en particular, de Galicia.

A formación nesta etapa engloba a aprendizaxe das distintas linguaxes plásticas, desde o cine, a fotografía, o deseño hasta o debuxo técnico. Estes recursos son fundamentais para asimilar contidos de outras áreas e supoñen a base fundamental para futuros estudos, respondendo ás necesidades comunicativas actuais, profundizando no proceso creativo para resolver problemas da realidade cotián e o uso determinante das novas tecnoloxías como medio expresivo.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Os contidos están organizados nos **TRES BLOQUES**, distribuídos en **OITO UNIDADES DIDÁCTICAS**.

Hai un total de 36 actividades directamente vinculadas cos contidos de tipo conceptual do temario

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Trazados xeométricos. ▪ B1.2. Instrumentos e materiais do debuxo técnico. ▪ B 1 . 3 . Recoñecemento da xeometría na natureza. ▪ B1.4. Identificación de estruturas xeométricas na arte. ▪ B1.5. Valoración da xeometría como instrumento para o deseño gráfico, industrial e arquitectónico. ▪ B1.6. Trazados fundamentais no plano. ▪ B1.7. Operacións con segmentos. ▪ B1.8. Mediatriz. ▪ B1.9. Paralelismo e perpendicularidade. ▪ B 1 . 1 0 . Determinación de lugares xeométricos. Aplicacións. ▪ B1.11. Elaboración de formas baseadas en redes modulares. ▪ B 1 . 1 2 . Circunferencia e círculo. ▪ B1.13. Ángulos. ▪ B1.14. Trazado de polígonos regulares. ▪ B1.15. Resolución gráfica de cuadriláteros e polígonos. ▪ B 1 . 1 6 . Representación de formas planas. ▪ B1.17. Trazado de formas proporcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.1. Deseña, modifica ou reproduce formas baseadas en redes modulares cadradas coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1. 2. Determina coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano, e comproba graficamente o cumprimento das condicións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.3. Relaciona as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.4. Comprende as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identifica as súas posibles aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.5. Resolve triángulos coa axuda de regra e compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.6. Deseña, modifica ou reproduce cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.18. Resolución gráfica de triángulos. ▪ B 1 . 1 9 . Determinación, propiedades e aplicacións dos seus puntos notables. ▪ B 1 . 2 0 . Proporcionalidade e semellanza. ▪ B1.21. Análise de trazado de formas poligonais por triangulación, radiación e itinerario. ▪ B1.22. Construción e utilización de escalas gráficas. ▪ B 1 . 2 3 . Transformacións xeométricas elementais: xiro, translación, simetría homotecia e afinidade. Identificación de invariantes. Aplicacións. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.1.7. Reproduce figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente en función da apreciación establecida e utilizándoa coa precisión requirida. ▪ DT1.B1.1.8. Comprende as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplicaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.24. Tanxencias e enlaces. ▪ B1.25. Resolución de problemas básicos de tanxencias e enlaces. Aplicacións. ▪ B1.26. Construción de curvas técnicas, óvalos, ovoides e espirais. ▪ B1.27. Aplicacións da xeometría ao deseño arquitectónico e industrial. ▪ B1.28. Xeometría e novas tecnoloxías. ▪ B1.29. Aplicacións de debuxo vectorial en 2D. ▪ B1.30. Exercicios de aplicación de trazado de tanxencias e enlaces. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B1.2.1. Identifica as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia. ▪ DT1.B1.2.2. Resolve problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas. ▪ DT1.B1.2.3. Aplica os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
Bloque 2. Sistemas de representación				
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Fundamentos dos sistemas de representación. B2.2. Sistemas de representación na arte. B2.3. Evolución histórica dos sistemas de representación. B2.4. Sistemas de representación e debuxo técnico. Ámbitos de aplicación. B2.5. Vantaxes e inconvenientes. Criterios de selección. B2.6. Clases de proxección. B2.7. Sistemas de representación e novas tecnoloxías. B2.8. Aplicacións de debuxo vectorial en 3D. B2.9. Sistema diédrico. B2.10. Procedementos para a obtención das proxeccións diédricas. B2.11. Disposición normalizada. B2.12. Reversibilidade do sistema. Número 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> CD
			<ul style="list-style-type: none"> DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>de proxeccións suficientes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B 2 . 1 3 . Representación e identificación de puntos, rectas e planos. Posicións no espazo. Paralelismo e perpendicularidade. Pertenza e intersección. ▪ B2.14. Proxeccións diédricas de sólidos e espazos sinxelos. ▪ B2.15. Seccións p l a n a s . Determinación da súa verdadeira magnitude. ▪ B 2 . 1 6 . Procedementos para a obtención e disposición das proxeccións diédricas. ▪ B 2 . 1 7 . Visualización e debuxo a man alzada de axonometrías a partir das vistas principais de pezas sinxelas. ▪ B2.18. Seccións p l a n a s . Determinación da súa verdadeira magnitude. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionalismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude. ▪ DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. ▪ DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada a x o n o m e t r í a s convencionais (isometrías e cabaleiras). ▪ DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CCEC

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.19. Sistema de planos cotados: aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoñendo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.20. Sistema axonométrico. ▪ B2.21. Fundamentos do sistema. Disposición dos eixes e utilización dos coeficientes de redución. ▪ B2.22. Sistema axonométrico ortogonal, perspectivas isométricas, dimétricas e trimétricas. ▪ B2.23. Sistema axonométrico oblicuo: perspectivas cabaleiras e militares. ▪ B2.24. Aplicación do óvalo isométrico como representación simplificada de formas circulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoñendo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado. ▪ DT1.B2.3.2. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.25. Sistema cónico central. ▪ B2.26. Elementos do sistema. Plano do cadro e cono visual. ▪ B2.27. Determinación do punto de vista e orientación das caras principais. ▪ B2.28. Paralelismo. Puntos de fuga. Puntos métricos. ▪ B2.29 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.29. Representación simplificada da circunferencia. ▪ B2.30. Sistema cónico oblicuo. ▪ B2.31. Representación simplificada da circunferencia. ▪ B2.32. Representación de sólidos nos diferentes sistemas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordinados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado. ▪ DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT
Bloque 3. Normalización				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Elementos da normalización consonte a normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Proxecto: necesidade e ámbito de aplicación das normas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

Debuxo Técnico I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Formatos. Dobra de planos. ▪ B3.4. Vistas. Liñas normalizadas. ▪ B3.5. Aplicacións da normalización. ▪ B3.6. Escalas. Cotación. ▪ B3.7. Debuxo industrial. ▪ B3.6. Escalas. Cotación. ▪ B3.8. Debuxo arquitectónico. ▪ B3.9. Cortes e seccións. 	<p>representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosqueños, esquemas, esbozos e planos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocios mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

Concrecións metodolóxicas

O proceso metodolóxico a seguir ha de ter en conta as peculiaridades e circunstancias de cada aula, para traballar individualmente e en equipo, e iniciaralles no coñecemento da realidade de acordo cos principios dos métodos artístico e científico.

Tendo en conta o acontecido no curso 19-20 e as circunstancias nas que se inicia o presente curso 20-21, faise inevitable facer unha serie de acoutacións metodolóxicas. En primeiro lugar, hai que considerar a posibilidade de que , por razóns de tipo sanitario, durante algún período do curso puidera adoptarse a modalidade de **ENSINO SEMIPRESENCIAL** ou **NON PRESENCIAL**. De darse tal circunstancia, a actividade educativa e de seguimento dos estudantes sería de carácter telemático e, seguindo as indicacións das autoridades educativas [IES. G. TORRENTE BALLESTER, Dto. Artes Plásticas.](#) 226

da Consellería de Educación, a principal ferramenta utilizada nestas circunstancias debe ser a AULA VIRTUAL do centro. En calquera caso, e no que atinxe ás cuestións expostas na presente programación (obxectivos, metodoloxía, estándares, contidos, competencias, criterios de avaliación e cualificación, etc.) compre dicir que todo se mantén esencialmente igual, xa sexa na modalidade presencial como na semipresencial ou na non presencial. De ter que realizar algunha modificación nalgún aspecto, tales cambios deberán facerse constar nun ANEXO Á PROGRAMACIÓN, tal e como xa se fixo no curso 19-20.

En consecuencia, para conseguir uns resultados satisfactorios, propoñemos téñanse en conta os seguintes principios:

- Debemos ter claros os obxectivos desta materia. Hai unha opinión bastante xeneralizada e ao noso entender errónea, non é unha materia para aprender a debuxar, nin a pintar, nin facer fotografías, aínda que se debuxe, se pinte ou se fagan fotos. Son medios, non fins. Aprender a debuxar, pintar, fotografar é un proceso longo e complicado, require moito tempo e moita práctica (pódese aprender a pintar con acuarelas nunhas horas?); non hai que suscitar NUNCA obxectivos inalcanzables e polo tanto frustrantes. Os obxectivos deben ser realistas, alcanzables, medibles e valorables e polo tanto correxibles.

- En todos os grupos nos que deamos clase sempre imos atopar dúas ou tres alumno moi hábiles debuxando (mirar os seus apuntes ou cadernos), alumnos hábiles cos números, outros con boas condicións para o deporte, outros que cantan ben, etc., outros que lles custa moito entender as explicacións: é a “diversidade”; pero os que pintan ben seguirano facendo con ou sen profesor; se reciben clases específicas de debuxo ou pintura separadamente, mellorarán a súa técnica e poderán chegar lonxe; pero non é esa nosa función, entre outras cousas porque non hai tempo.

- É un comezo, un desenvolvemento de capacidades; trátase de aprender unha linguaxe, o visual e os seus fundamentos (polo tanto son conceptos). Trátase así mesmo de coñecer diferentes técnicas e materiais para a expresión artística; para iso practicaremos do debuxo, a pintura, a fotografía, pero fundamentado no “interese e pracer” de saber e coñecer e aprender apreñendo o característico de cada materia e concepto. Así mesmo desenvolver potencialidades latentes, todos sabemos debuxar (escribir é debuxar), a imaxe é o paso previo ao coñecemento (“saber ver”, “a vista é máis rápida que a palabra”), pero hai que expresar con palabras o que nos aporta a vista.

É fundamental organizar os tempos nos procesos de ensino-aprendizaxe desta materia, dispoñemos dunhas 100 sesións dunha hora por curso (unhas 35 semanas) e é o que hai, gústenos ou non, e hai que organizalo todo, temporalizando as unidades didácticas e o número de actividades mínimas a

realizar. Nun momento determinado si vemos que os imprevistos ou o ritmo da clase, aléranos as propostas iniciais hai que ter previstos, posible correccións marcando o que entendemos como mínimos a impartir nas diferentes unidades.

- Temos que considerar que o Debuxo é un área primordialmente conceptual-procedimental, non só procedimental, xa que a través dela débense adquirir uns conceptos claros e definidos, tanto creativos como expresivos. As artes plásticas suscítanse como unha actividade racional que utiliza a manualidade para expresarse.

-Débese ter en conta a heteroxeneidade do alumnado e actuar en consecuencia, polo que a metodoloxía adaptárase ás necesidades de cada individuo.

-Os conceptos han de tratarse de forma secuenciada, ben definidos e acoutados, de modo que eviten a ambigüedad; por outra banda, deben fomentar a capacidade de abstracción. O desenvolvemento da capacidade manual conseguírao o propio alumno mediante as actividades de ensino-aprendizaxe propostas para cada unidade didáctica.

-O Debuxo Artístico no Bacharelato constitúe unha iniciación aos estudos artísticos. Con todo, o seu punto de partida debe atoparse no mundo cotián de imaxes e feitos plásticos no que se moven os alumno/as; este mundo está cheo de produtos propios de:

- Arquitectura
- Artes plásticas
- Deseño gráfico
- Deseño industrial
- Moda
- Imaxes visuais transmitidas por diferentes medios: televisión, cine, vídeo, Internet, fotografía

- O que se aprende, constrúese sobre o que se coñece da realidade, completándose coa información que se vai adquirindo, polo que se debe procurar relacionar as actividades e os temas propostos coa contorna e intereses do alumno/a. Deste xeito facilítase o seu autoexpresión, a interpretación de feitos reais e, tamén, favorécese o pensamento divergente.

- Os alumno/as, mediante a experimentación, o traballo en grupo, a procura e selección de información, e a posta en común dos traballos realizados, teñen a

posibilidade de aprehender a realidade, favorecéndose a comunicación entre eles/as.

- As actividades de ensino-aprendizaxe propostas teñen un referente de seguridade que lle permite ao alumno/a superar as dificultades da súa tarefa. Para iso, preséntase un número elevado, secuenciado, progresivo e variado de actividades, co que, tamén, pódese traballar ben a diversidade do alumnado.

-O proceso de ensino-aprendizaxe debe materializarse na creación de mensaxes visuais por medio de técnicas e procedementos adecuados, tanto de forma individual como colectiva, sobre todo, si temos en conta as posibilidades que ofrecen hoxe as tecnoloxías da información e a comunicación.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a actividade docente son:

Motivación: Inserir ao alumno/a en o proceso de ensino-aprendizaxe, é quizais, a tarefa máis difícil do labor docente, polo que, o profesor/a, deberá elaborar estratexias que sustenten a metodoloxía global proposta.

Investigación: Entendida tanto como principio didáctico que imbúa toda a creatividade e marque a forma de traballar, como estratexia didáctica. Suscítase unha investigación, non no sentido científico da palabra, senón no experimental, é dicir, que o alumno/a descubra a través da experiencia e a observación.

Creatividade: O desenvolvemento da creatividade é prioritario na linguaxe plástica e visual, posto que toda a actividade expresiva o é en canto supón unha creación por parte do individuo. Trátase, non só de desenvolver destrezas ou lograr técnicas que permitan realizar determinados traballos ou tarefas, senón, e sobre todo, de fomentar o uso, dun modo creativo e particular, de diversos procedementos aplicados a un mesmo fin.

Potenciarase a creatividade a través dos seus principais indicadores:

Fluidez, indica a capacidade de solucionar problemas dando máis dunha resposta a unha mesma situación, ou de producir un gran número de ideas nun tempo determinado.

Ductilidade, para ser capaces de adaptarse ás circunstancias e situacións concretas, e de reformar ou variar, si así o requiren as circunstancias, o proxecto ou idea.

Originalidade, no sentido de intentar crear un traballo diferente, para que cada traballo sexa expresión do propio individuo e, xa que logo, perfectamente reconecible e identificable; tamén se interpreta como a capacidade de obter solucións ou respostas pouco comúns ou para realizar asociacións inabituales.

Flexibilidade e redefinición, para poder enfocar os problemas desde distintos puntos de vista e poder pasar dunhas solucións visuales e plásticas a outras.

Elaboración, que implica a habilidade e persistencia necesarios para levar a cabo unha creación, vencendo non só os problemas de índole material, senón tamén os persoais e sociais, así como a produción de múltiples solucións para a organización e materialización dun proxecto ou idea. Convén deixar claro, que **o fin último do proceso educativo do Área de Plástica, Visuale Audiovisual non é crear artistas, senón permitir que os que potencialmente o sexan, poidan chegar a selo, e introducir unha serie de valores que axuden a todos a expresarse.**

O papel do profesor, na impartición da materia de Debuxo Artístico como coordinador central do proceso de traballo, é moi importante e á vez complicado, posto que ha de enfrontarse a modos e situacións moi variadas mediante os que os alumnos intentan experiencias artísticas. Polo tanto, deberá procurar:

-Motivar aos alumnos para que sexan capaces de observar, analizar, comprender e ver, críticamente, o mundo que lles rodea. Con esta acción motivadora, preténdese captar o interese do alumnado, resaltando a actualidade e proximidade dos temas e actividades tratados, a necesidade do seu estudo, a súa aplicación formativa e orientadora, así como as posibilidades de aplicación.

-Orientar e organizar a procura de información necesaria, libros, material informático, catálogos, vídeos, revistas, películas, recursos informáticos, Internet, etc.

-Planificar e programar as tarefas académicas de desenvolvemento curricular, secuenciando a orde das mesmas, repartindo tempos, todo iso coas necesarias doses de flexibilidade e adaptación a situacións imprevistas.

-Ser creativo para poder dar a resposta, máis adecuada, aos problemas tanto teóricos, como prácticos que xurdan.

-Tratar de que os alumnos:

- Gocen na tarefa de observación de realizacións plásticas, tanto propias como alleas.
- Respecten as expresións e creacións dos demais.

-Valorar o proceso creativo como tal, e evitar o encasillamento das actividades plásticas nas categorías de Debuxo lineal e artístico.

-Elixir o material a utilizar (libro de texto e de actividades, materiais en papel ou informáticos, soportes audiovisuais, programas de ordenador, etc.) baseándose en criterios académicos e de atención á diversidade.

-O número de actividades a realizar decidirao o profesorado, no seu traballo de aula, en función de: a diversidade do alumnado e a organización do aula. hai actividades de traballo individual e outras de grupo. Recoméndase traballar en forma de pequenos proxectos en función dos niveis de dificultade e as diferentes capacidades. Hai diferentes niveis de dificultade, algunhas son de mínimos outras máis complicadas. Recoméndase ler os diferentes estándares

Potenciarase o desenvolvemento das competencias de **comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** en todas as materias do currículo da Educación Secundaria.

As competencias básicas non deben interpretarse coma se fosen as aprendizaxes mínimas comúns, senón que constitúen un dos elementos do currículo conxuntamente cos obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación.

O currículo, establecido polas Administracións Educativas sobre os ensinos mínimos determinadas polo Goberno, haberá de ser desenvolvido e completado polos centros educativos para as distintas etapas, ciclos e materias, en exercicio da autonomía que lles recoñece a Lei.

As competencias básicas son unha referencia en todos os niveis de decisión sobre o currículo, forman parte dos ensinos mínimos da educación obligatoria, constitúen un referente da promoción de ciclo en primaria e da titulación na educación secundaria obligatoria. Han de terse en conta para decidir sobre:

- A selección de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

- A importancia relativa de cada un deles.
- A orientación metodológica.
- A avaliación

A adquisición eficaz das competencias crave por parte do alumnado e a súa contribución ao logro dos obxectivos das etapas educativas, desde un carácter interdisciplinar e transversal, **require do deseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.**

MEDIDAS ORGANIZATIVAS E FUNCIONAIS a ter en conta á hora de deseñar as programacións curriculares e contribuír ao desenvolvemento das competencias:

- A organización e o funcionamento dos centros e as aulas.
- A participación do alumnado.
- As normas de réxime interno.
- A concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar.
- A acción tutorial permanente.
- A planificación das actividades complementarias e extraescolares.
-

Materiais e recursos didácticos

Material recomendado para que dispoña o alumno/a:

- Regra e xogo de escuadras.
- Compás.
- Transportador de ángulos.

- Portaminas e minas de grafito duras (3H) e brandas (HB). Carboncillo e difumino.
- Estilógrafos/ Algúns rotuladores calibrado fino.
- Ceras e barras de pastel.
- Lápiz de cores e rotuladores grosos e finos.
- Pinceis de diferentes grosos, botes de témpera.
- Tesoiras, coitela, pegamento, goma de borrar

Para determinados **traballos en grupo** (en función do orzamento que nos dean), pódense organizar equipos de traballo en grupo con materiais e técnicas de uso común e maior variedade como:

- Caixas de rotuladores de maior calidade
- Estuches de barras de pasteis e/ou ceras de cores
- Caixas de lápiz de cores cunha gama ampla / existen caixas de lápiz de cores acuarelables.
- Caixas de barritas ou lápiz de carboncillos
- Caixas de lápiz con gama ampla de durezas
- Equipos para traballar con linóleos ou técnicas de estampación
- Soportes variados, papel, cartulinas, papel acuarelable, etc. (láminas, blocs...); nas tendas a oferta é amplísima (e ás veces algo cara)

EQUIPO DO PROFESOR/A:

- Equipo informático. Convén que teña cargado certos programas de tratamento de imaxes (Photoshop...). Internet
- Canón de proxección (pantalla). Hoxe día é case imprescindible
- Cámara dixital. Fotografías, transparencias, Vídeos (comprados ou elaborados).
- Libros, mapas, catálogos, revistas. Bibliografía
- Esquemas, modelos.

Outros:

- Báta que evita mancharse, cadernos de profesor (en moitos centros existen modelos unificados, para anotar asistencias, o traballo día a día.
- Anotacións realizadas en clase, observacións
- Profesionalidade, ánimo e paciencia e imaxinación.(non se venden, téñense ou se adquiren)

Crterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

ORIENTACIÓNS PARA A AVALIACIÓN.

O proceso de avaliación do alumnado resposta ao esquema seguinte:

PROCESO DE EVALUACIÓN DEL ALUMNADO			
	Evaluación Inicial	Evaluación Formativa	Evaluación Sumativa
¿Qué se debe o desea evaluar?	Los conocimientos previos que permitan adecuar el proceso educativo que haga posible los aprendizajes significativos.	Los avances, dificultades, trabas, que configuran el proceso de aprendizaje. También se puede evaluar el propio proceso. Se pretende posibilitar la modificación de estrategias de aprendizaje y adecuarlas a las necesidades detectadas.	Los tipos y grados de aprendizaje que estipulan los objetivos, esto es, constatar el nivel alcanzado en la adquisición de las capacidades formuladas en los objetivos.
¿Cómo se ha de evaluar?	Mediante procedimientos diversos: ❖ Discusión en grupo. ❖ Entrevistas personales. ❖ Tormenta de ideas. ❖ Pruebas objetivas. ❖ Historial de los alumnos. ❖ Registro e interpretación de respuestas y comportamientos de los alumnos.	Observación directa, realizada de un modo sistemático, de todo el proceso de aprendizaje. Preguntas orales, revisión de las actividades propuestas. Registro de todas las cuestiones observadas. Análisis, interpretación y consecuencias de tales observaciones.	Observación, registro e interpretación de las respuestas y comportamientos de los alumnos. Pruebas de evaluación, análisis de los trabajos realizados, cuestionarios de autoevaluación.

¿Cuándo se realizará la evaluación ?	Al inicio de un nuevo período de aprendizaje.	A lo largo del proceso de aprendizaje, después de un bloque de actividades, planteándose otras actividades de refuerzo, de recuperación, etc.	Al final de un período de aprendizaje.
--------------------------------------	---	---	--

Conviene evaluar la capacidad de los alumno/as para establecer un proceso de trabajo, que les permita realizar tareas de análisis y síntesis de los lenguajes visuales o plásticos. También se valorará el conocimiento abstracto y su aplicación como apoyo en la realización de actividades de aprendizaje.

Otro aspecto importante a evaluar es la capacidad de los alumno/as para resolver, de forma diferente, autónoma y personal, las situaciones o actividades planteadas, así como la correcta ejecución de los trabajos, tanto en el plano conceptual como material, utilizando, correctamente, los instrumentos, técnicas y métodos necesarios.

El interés, esfuerzo y dedicación de los alumno/as en la realización de las actividades será, así mismo, valorado.

Procedimientos e instrumentos para la evaluación.

Una evaluación continuada y formativa exige el uso de múltiples instrumentos a lo largo del proceso educativo para permitir la recogida fiable de información y su posterior uso evaluador.

En el siguiente recuadro se ejemplifica un posible procedimiento de evaluación, así como los instrumentos evaluadores utilizados:

PROCEDIMIENTO DE EVALUACIÓN		
Instrumento evaluador	Elementos evaluados	Posible peso de cada apartado
OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Conocimientos previos ❖ Asistencia y puntualidad ❖ Participación y actitud ❖ Aportación de ideas y soluciones ❖ Aprovechamiento en general ❖ Otras 	10%

REALIZACIÓN DE LAS ACTIVIDADES DE ENSEÑANZA-APRENDIZAJE	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Cumplimiento de los plazos de entrega o puntualidad en la entrega ❖ Corrección en la presentación del trabajo ❖ Originalidad y creatividad en las soluciones ❖ Organización y planificación del trabajo ❖ Destreza en el uso de materiales, instrumentos y técnicas ❖ Búsqueda y organización de la información ❖ Comunicación oral o escrita sobre su trabajo ❖ Corrección en la ejecución o solución de las actividades 	10%
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS O DE AUTOEVALUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Corrección en la presentación del trabajo ❖ Originalidad y creatividad en las soluciones ❖ Aportación de ideas y soluciones ❖ Organización y planificación del trabajo ❖ Destreza en el uso de materiales, instrumentos y técnicas 	10%
PRUEBAS OBJETIVAS	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Adquisición de conceptos ❖ Comprensión ❖ Razonamiento ❖ Corrección en la ejecución y en la presentación del trabajo ❖ Originalidad y creatividad ❖ Destreza en el uso de materiales, instrumentos y técnicas 	70%

Podemos diferenciar tres tipos de evaluación que conjuntamente darán como resultante un criterio valorativo globalizador.

1.- Evaluación inicial. Esta evaluación tiene un carácter de diagnóstico. Permítenos conocer a situación de partida de cada alumno o comienzo del curso.

2.- Evaluación formativa. La evaluación formativa exige la observación del proceso de aprendizaje. Esto implica establecer registros que nos permitan detectar el momento en el que se produce un atasco, a causa de lo que produce y los mecanismos correctores para superarlo.

3.- Evaluación sumativa. Esta evaluación no se pronuncia únicamente sobre el aprendizaje del alumno, sino que se interpretará como un instrumento de control del proceso educativo y como fuente de información para los propios alumnos. Este seguimiento también deberá proporcionar al alumno información sobre su proceso de aprendizaje y permitirá su participación en el mismo a través de actividades de autoevaluación y coevaluación.

Para el proceso de establecer la calificación de cada alumno, dentro del marco pedagógico de la evaluación continua, el profesor tendrá en cuenta el trabajo desarrollado de forma cotidiana en el aula y establecerá la realización de pruebas objetivas de conocimiento que siempre se ajustarán a los marcos de convocatorias ordinarias y extraordinarias en las fechas establecidas por el CCP y a la dirección del centro.

En la nota final del curso contará la media de los resultados obtenidos en las sucesivas evaluaciones trimestrales, ponderada con aspectos pedagógicamente tan

relevantes como a progresividade na actitude e na aprendizaxe: Aínda que a media poda ser similar, non ten o mesmo significado a secuencia temporal de notas 2 – 4 – 8 que, por exemplo, 8 – 5 – 1. No primeiro caso, malia ter dúas avaliacións suspensas, apréciase unha clara progresividade ascendente e o alumno estaría aprobado; xusto o contrario do que acontece no segundo caso. A realización dos exercicios prácticos será condición indispensable para aprobar o curso. O profesor fará unha proba obxectiva por cada avaliación. Os alumnos que acudan ás probas de xuño ou setembro, deberán presentar os devanditos exercicios realizados. Ademais, farán unha proba obxectiva de coñecementos que terá como temario básico de contidos os que aparecen, de seguido, no apartado “Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva”. Na nota contabilizará porcentualmente un 70% para a proba de coñecementos e un 30% para a cualificación dos traballos realizados. Os alumnos deberán acadar un mínimo de catro puntos na proba de coñecementos (obxectiva) a partires de entón incrementáraselles ata os 3 puntos dos traballos, tendo sempre presente que se entreguen tódalas láminas realizadas ó longo do trimestre ou curso.

O Departamento de Debuxo do IES Torrente Ballester acordou que quedará suspendido o dereito a avaliación continua na materia de Debuxo Artístico para os alumnos de 1º de Bach. que sen causa xustificada falten a máis de quince horas lectivas da devandita materia, apercibindo ó alumno ás seis faltas.

A avaliación educativa é un instrumento de seguimento e de valoración dos resultados obtidos e de nosa propia actividade como docentes, así como ferramenta para mellóraa dos procesos de ensino aprendizaxe. A avaliación ao longo do curso será continua e formativa. A avaliación continua esixe asistencia a clase e seguimento do traballo en clase ou fóra, mediante diferentes instrumentos de avaliación e cualificación como son:

Presentación e limpeza dos traballos realizados: Esta materia ten un gran carga procedimental ou aplicación práctica, polo que as actividades e láminas propostas serán de entrega obligatoria na súa gran maioría e dentro dos prazos que fixe cada profesor ou profesora (evidentemente con dose de flexibilidade). O sistema máis sinxelo facer unha valoración cuantitativa dos mesmos clasificándoos de 1 a 10. Puiden ser cualitativa tipo insuficiente, suficiente, ben, notable, sobresaliente e nas cualificacións da avaliación trimestral o conxunto anotacións trasladar a un valor medio numérico). Nestes traballos tamén se inclúen as propostas de autoevaluación. Este conxunto de evaluable dos conceptual-procedimental pode ter un peso específico dun 80 % sobre a cualificación global.

Observación continúa da actividade na aula. O profesor leva no seu caderno as necesarias anotacións, sobre: entrega a tempo de traballos, asistencia,

puntualidade, actitude e interese pola materia, traballo individualizado e en equipo, colaboración cos seus compañeiros e co profesor. Comportamento e normas de convivencia no aula e fóra do aula nas actividades lectivas complementarias que se desenvolvan (visitas, saídas etc). A actitude ante a asignatura (atención, participación, respecto aos materiais, entrega de traballos nos prazos indicados así como realización dos mesmos no aula, traer o material da asignatura e coidalo convenientemente, etc.) contará un peso aproximado do 20% da nota total de cada avaliación.

A avaliación será fundamentalmente formativa, dándolle máis importancia ao proceso que ao resultado, cara á adquisición de hábitos de traballo, interese e empeño demostrado, buscando o desenvolvemento de todas as competencias básicas máis que o feito puro do coñecemento. Insistimos na visión global formativa desta materia como indicabamos na introdución.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Para baremar os indicadores de logro e as **actividades de ensinanza-aprendizaxe**, utilizaremos os criterios do cadro seguinte:

AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES DE ENSINANZA-APRENDIZAXE		
Búsqueda y organización de la información	No sabe cómo buscar más información que la que le ofrece el profesor	0
	Recoge información, pero no sabe ordenarla ni estructurarla	1
	Estructura la información recogida y sabe aplicarla al trabajo concreto que realiza	2
	Comprende la información y abstrae los conceptos necesarios para su aplicación en diferentes trabajos	3
Originalidad y creatividad desarrollada	Se limita a copiar figuras, objetos o imita a otros alumnos	1
	Aporta soluciones muy similares a modelos establecidos	2
	Combina las soluciones de modelos externos con aportaciones propias	4
	Aporta soluciones personales, inventa formas, composiciones y técnicas	5
Destreza en el uso de materiales e técnicas e	Desconoce la mayoría de las técnicas y manifiesta poca o nula habilidad en el manejo de instrumentos	1
	Conoce ciertos recursos técnicos pero tiene poca habilidad para ejecutarlos	2
	Tiene habilidades y conoce las técnicas	4

instrumentos	Dispone de un elevado número de recursos propios y utiliza los más adecuados en cada caso	5
Corrección en la presentación de los trabajos	Apenas cuida el material y no se interesa por el aspecto de los trabajos realizados	0
	Cuida los materiales y soportes, pero descuida el aspecto final	1
	Trabajos limpios, precisos y ordenados. Se preocupa de los materiales y soportes	3
	Utiliza adecuadamente los materiales y soportes que utiliza. Consigue un acabado personal y apropiado al propósito del trabajo solicitado	4
Comunicación oral o escrita sobre su trabajo	No es capaz de explicar nada sobre su trabajo 0	0
	Explica aspectos globales de su trabajo, pero no sabe analizarlo	1
	Analiza algunos elementos de su trabajo, sin establecer relaciones con el significado	2
	Expresa verbalmente los elementos utilizados, su sintaxis y la relación con los significados que se producen	3
Cumplimiento de las plazos de entrega o puntualidad en la entrega	No entrega prácticamente nunca los trabajos en las fechas previstas 0	0
	Normalmente se retrasa en la entrega	1
	Cumple los plazos de entrega con alguna salvedad	2
	Es riguroso y puntual en la entrega de los trabajos	3
Corrección en la ejecución o solución de las actividades	La solución aportada es incorrecta	0
	El trabajo ejecutado contiene algunos errores	1
	La solución es adecuada en términos generales	4
	La ejecución de la actividad es adecuada y personal	5

Para baremar os logros da propia programación usaremos a seguinte táboa

	PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
1	As programacións están creadas e repartidas coherentemente entre os membros dun mesmo grupo ou ámbito.				
2	Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario realizo modificacións				
3	Recollo na programación de maneira específica competencias básicas e fundamentais				
4	Ao confeccionar a programación teño en conta as características do contexto.				
5	Ao comezo de cada tema, proporciono aos alumnos toda a información necesaria (contidos, obxectivos, actividades, competencias, etc.)				

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O Departamento de Debuxo colaborará en calquera tipo de iniciativa do centro tendente á atención educativa dos alumnos con materias pendentes (Titoría de pendentes, aportación de recursos, traballos a realizar etc.)

Como xa quedou dito, a presentación das láminas cos exercicios realizados será condición indispensable para poder superar a materia e, asemade, a realización de probas de recuperación nas datas estipuladas. Estes traballos terán un seguimento cada quince días e contarán hasta un 30% da nota das probas a realizar. Os alumnos deberán acadar un mínimo de catro puntos na proba de coñecementos (obxectiva) a partires de entón incrementáraselles os 3 puntos dos traballos do caderno tendo sempre presente que se entreguen tódalas láminas plantexadas polo departamento. Os alumnos terán unha titoría tódolos venres de 12:05 a 12:30.

Sistema de recuperacións extraordinarias

Nas probas extraordinarias de xuño e setembro, os alumnos realizarán unha proba obxectiva, na que haberá cuestión teóricas e prácticas. Esta proba axustarase ós contidos mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva e versará sobre a materia impartida durante o curso.

Sistema de recuperación de avaliacións durante o curso

Remitímonos ós criterios de cualificación xa descritos anteriormente.

Organización de procedementos para acreditar coñecementos

Tal e como xa quedou dito, as características da materia fan do seguimento directo e presencial o principal procedemento co que conta o profesor para acreditar o nivel, traballo e progresión na aprendizaxe dos alumnos. Con todo, tal e como queda expresado nos apartados anteriores, tamén se realizarán probas obxectivas nas que os estudantes terán que amosar o seu nivel de destreza e coñecementos.

Medidas de atención á diversidade

Os intereses e capacidades de cada alumno/a son diferentes e deberán ser tidos en conta á hora de impartir a área, sobre todo, no referente aos ritmos de aprendizaxe e de progresión. Neste sentido, convén coñecer o punto de partida de cada un dos alumnos, para unha posterior aprendizaxe e planificar os niveis de dificultade que se van a atopar os alumno/as, así como o número de actividades de ensino-aprendizaxe que haberán de desenvolver.

A metodoloxía da materia organizouse de maneira que o proceso de ensino e aprendizaxe se adapte ás características particulares dos alumnos a través de:

- A formulación de actividades nas cales partindo das pautas marcadas polo profesor cada alumno deba buscar solucións persoais permitindo que o resultado obtido responda aos gustos e posibilidades dos alumnos.

- A formulación de actividades variadas que motiven o interese dos alumnos e ao mesmo tempo esperten a súa curiosidade por coñecer diferentes aspectos no ámbito da visualidad ou da actividade plástica.

- A formulación de actividades destinadas a uns determinados grupos de alumnos en función das súas características.

- O deseño de actividades de dificultade ou complejidad crecente que poidan atender ás capacidades de alumnos con diferentes niveis e aptitudes, de maneira que sexa o propio alumno na súa práctica o que estableza o seu progresión.

En canto á avaliación terase en conta que cada traballo de cada alumno hase de valorar como único e orixinal, estimulándolle a superar as dificultades e a seguir avanzando no seu proceso de aprendizaxe. Para iso convén facilitarlle a reflexión sobre o realizado, sobre o apreso e a análise das dificultades coas que se atopou

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso

-Na Educación Secundaria Obligatoria, a **comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional** traballaranse en todas as materias.

- As Administracións educativas fomentarán o **desenrolo da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con** discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquer condición ou circunstancia. As Administracións educativas fomentarán a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, **así como dos valores que sustentan a libertade, a xusticia, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, as persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración coas vítimas do terrorismo e a prevención de calquer tipo de violencia.**

- A programación docente debe comprender en todo caso **a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquer forma de violencia, racismo ou xenofobia.**

- **Evitaranse os comportamentos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.**

- Os currículos incorporarán elementos curriculares relacionados co **desenrolo sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade,** as situacións de risco derivadas da mala ou inadecuada utilización de as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

- Os currículos de Educación incorporarán elementos curriculares orientados ao **avance e afianzamento do espírito emprendedor,** á adquisición de **competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas** e ao **fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor** e ao empresario, así como á ética empresarial. As Administracións educativas fomentarán as medidas para que **o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar el espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de **aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido de traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.**

- As Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil. A estes efectos, **promoverán a práctica diaria do deporte e exercicio físico por parte dos**

alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que garantan un desenrolo adecuado **para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma**.

Actividades complementarias e extraescolares

Compre dicir que na situación sanitaria vixente no momento de redactar esta programación, non será posible a realización de actividades extraescolares. De todas formas, e en previsión de que esta situación puidera cambiar, apuntamos como posibles actividades extraescolares a realización de visitas a algunha exposición artística que tivera lugar na cidade de Pontevedra durante os meses do curso ou a visita comentada e guiada ó museo de Pontevedra e a algún dos edificios monumentais da cidade, como por exemplo as ruínas de Santo Domingo ou a Igrexa de Santa María a Maior, seguida da realización dunha práctica gráfica. Tamén ven sendo habitual no noso centro a participación dos alumnos de educación plástica, desde a vertiente propia da materia, en actividades organizadas por outros departamentos: montaxe de exposicións, escenografías, creación de disfraces para o antroido, deseños de rotulación e cartelística, semana da ciencia, etc. Todas as devanditas son actividades que non requiren unha planificación previa con datas moi concretas nin unha dotación económica ou infraestrutura, polo que se poden realizar no momento do curso que se considere máis oportuno. Asemade, como xa queda dito, o departamento está aberto á realización de actividades que, con criterios de transversalidade, propoñan outros profesores ou departamentos do centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións

Como xa quedou dito, as principais eivas da presente programación didáctica poden estar na parte da temporización e da distribución de contidos, dado o axustado que resulta o tempo de horas lectivas. Na memoria que se realice a finais do mes de xuño han quedar recollidas as correspondentes incidencias ou reflexións que contribuirán a solventar posibles deficiencias.

Debuxo Técnico II. 2º de Bacharelato

Introdución e contextualización

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Técnico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Técnico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Técnico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Técnico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial orientado cara ás múltiples alternativas formativas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de deste xeito, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Técnico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas,

como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Ao longo da historia, a imaxe e a palabra teñen constituido as formas máis importantes para transmitir e expresar ideas e sentimentos, ademais de ser fonte de coñecemento de cada época. Na sociedade actual, e en particular desde a segunda metade do século XX, a imaxe ten cobrado un protagonismo sin precedentes en ningunha outra época da historia humana, influíndo en casi todas as actividades, formas de vida e creacións da nosa civilización; entre outras destacar a influencia da publicidade, dos medios de comunicación y da arte, da man dun desenvolvemento dos medios de tratamento das imáxes e a información impensables fai varias décadas.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Esta materia polo seu carácter teórico-práctico e integrador e pola aplicación directa dos seus contidos, potencia en maior ou menor medida o **desenrolo de todas as competencias clave**. O currículo do Debuxo Técnico permite a todo o alumnado o desenvolvemento de todas as competencias clave, desde un enfoque significativo e integral, interrelacionando **saberes conceptuais, saberes procedimentais, actitudes e valores** propios da materia. A contextualización das aprendizaxes e das metodoloxías activas garanten a transferencia do aprendido, contribuíndo ao desenvolvemento de cada unha das **sete competencias clave**.

- O debuxo **vincúlase en particular** coa competencia “**Conciencia e expresións culturais**”, pois integra actividades e procesos creativos da realidade e da produción artística e favorece o desenvolvemento da sensibilidade artística e da alfabetización estética. Ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas e a ser capaz de se expresar a través da imaxe. Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e dos recursos que

lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas; sempre que fora posible, terían que se ligar co sustrato cultural da súa rexión ou comunidade. Por outra parte, contribúese a esta competencia cuando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e se ten a capacidade de expresarse a través da imaxe.

- **Comunicación lingüística.** O debuxo permite facer uso de uns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e con iso enriquecer a comunicación, desde o coñecemento do seu propio contexto socio-cultural. É unha competencia desenvolvida durante todo o curso a través dos bloques de contido, os alumnos terán que explicar, argumentar e expoñer os seus propios proxectos, de forma oral e escrita, ao mesmo tempo que aprenden a usar un amplo vocabulario específico da materia: significados da imaxe, descrición dos medios de expresión, a linguaxe da comunicación visual, a publicidade, o cine, as funcións das imaxes, etc. Toda forma de comunicación posúe uns procedimentos comúns e, como tal, a Educación plástica e visual permite facer uso de uns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e con elo enriquecer a comunicación.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.** A través do razonamento matemático e do pensamento lóxico e espacial. Desde os elementos estruturais da imaxe, fondo, forma, tamaño, situación, hasta as construcións xeométricas (ángulos, triángulos, polígonos, etc.). Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica é obxectivo da área, así como profundar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. As capacidades descritas anteriormente contribúen a que o alumnado adquira esta **competencia**.

- **Competencia dixital.** A través do uso das tecnoloxías da información e a comunicación, como medio de búsqueda, selección e tratamento da información de maneira crítica e reflexiva. Inclúe aspectos como a observación sistemática, a creación de imaxes, o uso de algunhas ferramentas informáticas para crear e/ou tratar textos e imaxes. A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia expresa o papel que se otorga a esta materia na adquisición da competencia en tratamento da información e en particular ao mundo da imaxe que dita información incorpora. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non so supón unha ferramenta potente para a produción de creacións visuais e á súa vez colabora na mellora d esta **competencia**.

- **Competencia de aprender a aprender**, a traveso da investigación, experimentación e aplicación práctica dos contidos, integrando unha búsqueda persoal das propias formas de expresión, participando de forma autónoma na resolución de problemas e organizando a súa propia aprendizaxe a traveso da xestión do tempo e a información na planificación e organización das actividades. Traballa a observación sistemática, a análise de casos e a búsqueda de solucións. Desenvolve a capacidade para superar obstáculos, fomenta a motivación e a confianza nun mesmo; contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre procesos e experimentación creativa, a toma de conciencia das propias capacidades e recursos así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

- **Competencia social**: compartir proxectos, valorar o traballo individual e colectivo. A traveso do traballo en equipo suscitaranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e se favorecerá a adquisición de habilidades sociais; fomenta o uso de medios de expresión ou comunicación e a valoración crítica dos mesmos (cine, televisión, prensa...). Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, se promoverán actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e a aceptación das diferencias e se contribuirá á adquisición de habilidades sociais. Por outra parte, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas diante dun mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

- **Espírito emprendedor e de iniciativa**. Todo proxecto creativo require planificar, xestionar e tomar decisións; os contidos da materia promoven a iniciativa, a innovación, a autonomía e a independencia, como factores que contribúen a aprendizaxe eficaz e ao desenvolvemento persoal do alumnado. Potencia a capacidade para pensar de forma creativa. A Educación plástica colabora na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Colabora estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En resumo, sitúa ao alumnado diante dun proceso que lle obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación, e a autocrítica fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

- **Coñecemento e interacción co mundo físico**. A práctica do debuxo contribúe á adquisición da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico mediante a utilización de procedimentos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación e o descubrimento e a reflexión e análise posterior. Asimesmo introduce valores de sostibilidade e reciclaxe en canto á conservación do patrimonio cultural.

En resumo, o currículo desta materia **posibilita** que a aprendizaxe da produción, deseño e creación de imaxes, obxectos ou feitos a traveso de códigos visuais, artísticos e técnicos poda concretarse en propostas diversas de descrición e representación grafico-plástica, de expresión subxectiva, de composición visual, de transferencia de linguaxes, ou de transformación de imaxes.

Posibilita tamén a súa posta en práctica tanto cos medios grafico-plásticos tradicionais e actuais, como a traveso das **tecnoloxías dixitais**, que abran vías de experimentación de novas formas de expresión e creación.

Concreción dos obxectivos

As ensinanzas no Bacharelato contribuirán a desenvolver nos alumnos e as alumnas as **capacidades que lles permitan**:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comuns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Afortalar as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas galega e castelá textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e allea, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respetar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenrolo persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- **Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.**

Considerando os obxectivos do Debuxo Artístico, esta etapa terá como obxectivo o **desenvolvemento das seguintes capacidades**:

1. Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes do entorno natural e cultural, con especial atención ao galego, sendo sensible ás cualidades plásticas, estéticas e funcionais, transmitíndoas de forma verbal e escrita.
2. Apreciar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e apreciando os seus contidos e enténdelos como parte da diversidade do patrimonio cultural, sobre todo do galego, contribuíndo ao seu respeto, conservación e mellora, reforzando a capacidade de coñecer e interpretar o mundo físico.
3. Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e escoller a fórmula expresiva máis adecuada en función das necesidades de comunicación.

4. Expresarse con creatividade, mediante o uso das ferramentas da linguaxe plástica e visual actual e saber relacionalas con outros ámbitos de coñecemento.

5. Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, á reflexión crítica e ao respecto entre as persoas.

6. Utilizar as diversas técnicas plásticas e visuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicarlas a diferentes interpretacións visuais nas propias creacións.

7. Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das cualidades das superficies e o detalle de - Entende-lo debuxo técnico como unha linguaxe universal que nos permite expresar gráfica e obxectivamente unha realidade.

- Desenvolve-las destrezas necesarias para expresarse cos Instrumentos específicos do debuxo, utilizando as técnicas gráficas axeitadas e ofrecendo solucións claras, precisas e obxectivas.
- Desenvolve-la visión espacial para ser quen de relacionar, Situar e compara-las formas tanto no espacio real como a súa correspondencia no espacio do debuxo.
- Coñecer e comprende-las regras do debuxo técnico para Interpreta-la representación de formas como imaxe da realidade.
- Usa-los métodos e coñecementos propios do debuxo técnico na investigación e solución razoada de problemas científicos e técnicos.
- Acepta-la normalización como convencionalismo universal que simplifica e facilita o entendemento da representación ou racionaliza-la produción dunha determinada realidade.
- Coñecer e respecta-las principais normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos.
- Desenvolve-la destreza expresiva necesaria para trazar Bosquexos a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais de forma, orientación, proporción, detalles, medida, etc. dunha determinada realidade.
- Valorar a importancia da presentación, o correcto acabado, a exactitude, a limpeza e o coidado do soporte.
- Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica, tanto de forma individual como colectiva.
- Integrar os coñecementos do debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicación da vida cotiá.
- Interesarse polas novas tecnoloxías e o uso de programas de deseño, valorando a súa utilidade e posibilidades.

8. Planificar de forma individual e cooperativa o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados, reflexionar, revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado da súa consecución.

9. Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo intercultural, a colaboración, a liberdade de expresión, a práctica de experiencias artísticas compartidas e la comunicación.

10. Apreciar a creatividade na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a traveso de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura e as artes visuais e escénicas do patrimonio cultural universal e, en particular, de Galicia.

A formación nesta etapa engloba a aprendizaxe das distintas linguaxes plásticas, desde o cine, a fotografía, o diseño hasta o debuxo técnico. Estes recursos son fundamentais para asimilar contidos de outras áreas e supoñen a base fundamental para futuros estudos, respondendo ás necesidades comunicativas actuais, profundizando no proceso creativo para resolver problemas da realidade cotián e o uso determinante das novas tecnoloxías como medio expresivo.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe available

Os contidos están organizados nos **TRES BLOQUES**, distribuídos en **OITO UNIDADES DIDÁCTICAS**.

Hai un amplo conxunto de actividades directamente vinculadas cos contidos de tipo conceptual do temario

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico				

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolución de problemas xeométricos. ▪ B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións. ▪ B1.3. Construción de figuras planas equivalentes. ▪ B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz. ▪ B1.5. Aplicacións. ▪ B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias. ▪ B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas. ▪ B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. ▪ B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes. ▪ B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións. ▪ B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.		<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. B1.8. Transformacións xeométricas. Aplicacións. B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. B1.14. Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia. B1.15. Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización. 	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 2. Sistemas de representación				
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Punto, recta e plano no sistema diédrico. B2.2. Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade. B2.3. Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas. B2.4. Construción de figuras planas no sistema diédrico. B2.5. Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións. B2.6. Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións. B2.7. Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións. B2.8. Afinidade entre 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>proxeccións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Problema inverso ao abatemento. ▪ B2.10. Corpos xeométricos no sistema diédrico. ▪ B2.11. Representación de poliedros regulares. Posicións singulares. ▪ B2.12. Determinación das súas seccións principais. ▪ B2.13. Representación de prismas e pirámides. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados. ▪ DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas. ▪ B2.15. Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos. ▪ B2.16. Interseccións. ▪ B2.17. Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida. ▪ DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude. ▪ DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CMCCT

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B2.18. Sistemas axonométricos ortogonais. B2.19. Posición do triedro fundamental. B2.20. Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema. B2.21. Determinación de coeficientes de redución. B2.22. Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes. B2.23. Representación de figuras planas. B2.24. Representación simplificada da circunferencia. B2.25. Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos				
